

NÚM. 18

1-7-23

# nós.

# nós.

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA  
LEGA, ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS,"

*Direitor,*  
Vicente Risco

*Direitor artístico,*  
Alfonso R. Castelao

*Segredario da Redaución,*  
Xulio Gallego

*Xerente,*  
Arturo Nogierol

*Redactor Xefe,*  
Xavier Praño (Lameiro)

*Sub-Xerente,*  
Alfonso V. Monxardin

*Redactores:*  
Ramon Cabanillas, Anton Lousada Diégues, Ramón Otero Pedrayo,  
Florentino L. Cuevillas, Luis González Silgado.

*Colaboradores:*  
Teixeira de Pascoaes, Johan V. Viqueira, Philéas Lubesque, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo L. Abente, Manoel Banet Fontenla, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdoba, Xulio A. Cuevillas, Victoria Taibo, Xulio Prieto, Farruco Lamas, Euxenio Montes, Fernández Mazas, Souza Aguiar, Cunha Barros, Xan Aznar Ponte, F. Bouza Brey, Lo's Huici, Ramón Villar Ponte, Händicap, Roberto Blanco Torres, Primitivo R. Sanjurjo, Xosé Viso (Goal), Francisca Herrera Garrido, Hernani Cidade, Camilo Díaz, Manoel M. Risco, Francisco Luis Bernárdez, etc.

**DIRECCION E REDAUCION:**

**Plaza do Ferro, 6**

**ADEMINISTRACIÓN:**

**Padre Feixón, 12**

**ABONAMENTO**

<i>Doce números, na Península . . . . .</i>	<b>6 ptas.</b>
<i>Na Arxentina . . . . .</i>	<b>6 pesos</b>
<i>En Cuba . . . . .</i>	<b>3 dolars</b>
<i>Números atrasados 3 ptas. Número sólo 1 pta.</i>	

Este boletín non publica más críticas que as que foren directamente destinadas pola Redaución. — Nunca se fai solidario das ideas a-elas emitidas, nun sentido das que pola súa ira vibradas, nun sentido que son da Redaución.

**SUMARIO**

*Do meu diario, por CASTELAO.  
Noiturno, por E. BLANCO AMOR.  
Firma de cret, por XAVIER PRADO LAMEIRO.  
Apoloxética do cadaleito, por FRANCISCO LUIS BERNARDEZ.  
A Estrela do Apóstolo, por VICENTE RISCO.  
Nosos Señor Sant' Yago, por R. CABANILLAS.  
Teixeira de Pascoaes en Madrid, por LUIS CORTÓN DO ARROYO.*

*O Teólofo alemán Rudolf Steiner, por VICENTE RISCO.  
Selección arqueolóxica, por ANGEL DEL CASTILLO y FLORENTINO L. CUEVILLAS.  
Guerra Junquielo, pola REDAUCIÓN.  
A Galiza, por TEIXEIRA DE PASCOAES.  
Os homes, os feitos, as verbas, pola REDAUCIÓN.  
As fontes para Historeza antiga de Galiza.*

# SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

Ponte Mayor y Ourense

## XULIO GARCÍA PÉREZ

MÉDECO CIRUXANO

Goberna toda clás de ósos partidos e desgobernados e fai operacions quirúrxicas

VOTA O "RAYO X."

TELÉFONO 324

*¡Patriotas galegos!*

**PEDIDE O VIÑO TOSTADO  
LÓPEZ VALEIRAS**

SANATORIO QUIRÚRXICO D' OURENSE

Dirixido por DON MANOEL POB. PIÑEIRO

co' a coparanza dos doutores

Don Francisco José Rionegro ::: Don Manoel Bouzo Fernández

Isle establecemento está situado na carretera da Lonja, e conta con un completo gabinete de RAYOS X.

Depósito de madeiras de todas clases pra construcción e carpintería en xeneral.

**LÓPEZ E RUIZ**

Telegramas e telefonemas

LÓPEZ RUIZ

Codes A. B. C. 5.\* edición

TELÉFONO 198

Avenida de Buenos Aires, 31

(ó lado do Asilo de Ancianos desamparados)

OURENSE

Postes e travessas  
pra camiños de ferro. Serrería  
mecánica e fabricación de toda  
clás de caixería.



MARCAS DA CASA

Tintos:

Riveiro MEDOC  
Fino de mesa VIEJO

Clarete PEARES

Blancos:

TOPACIO  
Especial para mariscos.

Tostado del Rivero

As persoas de bon gusto e que se precian de patriotas,  
prefieren o

**CHAMPAN "GALICIA,"**

por ser tan bon como o millor  
extranxeiro, e ser ESPAÑOL



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ORGÃO  
DA SOCIEDADE "NÓS,"

Ano IV

Ourense 1 de Sant'Yago de 1923

Nºm. 18

## DO MEU DIARIO (REMASTE)

Cheguei á Munich a cain n'unha Pensión de artistas. A patrona da Pensión semella unha mazan e ten as orellas fora dos cabelos pra que vexan que se lava (poucas patronas poden amostral-as orellas limpas). Na hora do xantar reparéi que todos pasmaban de ver un Español que non tiña ollos mouros, que non era pequeno, nin nacho. Axiña de sere presentado tiven que xurar formalmente que non ollara na miña vida matar un touro e tal aseguranza deixounos co-a poca aberta. No remate do xantar falamos de moitas cousas e dixemos que a espiritualida d-un pobo refléxase nos deseños do seu papel-moeda. Ollamos papeles d'alguns países e todos atopámol-a enxebre serenidade británica reflexada na sinxeleza do papel inglés. Eu tamén amostrei un billetiño de 25 pesetas que foi dar ás mans d'un pintor xudeu e despois de darrile tres ou catro voltas devolveu-me chantandome na cara ista verdade: — *Non se pode deducir nada do seu complicado billete, pois está feito en Inglaterra.*

Os homes de Berlin levarán unha punta de casco guerreiro espetado nos ósos da cabeza; os homes de Munich levan sempre unha pluma de galo.

Antr'a xente que pasa cabo de mí tropezo afeito con caras irmáns e moitas veces pétame un desexo de collel-os pol-o ombreiro, abalalos con forza e berrallle no ouvido pra que acorden: ¿Porqué non falades galego, hom?

N'unha cervecería acugulada de recte do pobo cantan unhas cantigas longas que rematan en aturuxos firentes. O aturuxo é un Ayú-já-já tan noso que me fende o corazón. Y en honor da vella Suavia fechei os ollos y-enviei un litro de cerveza da mellor calidade. ¡Ayú-ju-já!

Munich é un pouco da cibdade dos meus soños.

N'un xerro da miña habitación pónenme froles dos campos, unhas froliñas que parecen pintadas pol-o Bosch ou por Breughel o vello y-eu lembro as froles ponentas de xardin e a lembranza pon na miña memoria os encoiros de Rubens.

O traxe aldeán bávaro non é un traxe da clase labrega. O traxe charramanguero que visten os labregos é o mesmo traxe charramanguero que poñen os cibdadáns canlo non viñen na cibdade. Un fidalgo bávaro, mesmamente elegante, pode sere un enteiro aldeán nos camiños rurais e sabe levar un *frac* cando vai ó teatro. O traxe aldeán é o traxe de poñer nas aldeias; por iso os cans non oubelan ós señores. En Baviera non hay ausentismo espiritual.

Dende equí sinto dor polos nosos *señoritos de aldea* e polos cibdadáns preocupados do ben parecer, que poñen un traxe vello na aldeia, que andan de turistas ingleses nas ruas e que ainda non estrenaron un *frac*. Os cibdadáns son sempre alleos na aldeia; por iso os cans de

palleiro oubelan cando ventan un *señorito* nos camiños rurales. Os nosos cibdadáns, turistas nos propios eidos, saben moquearse dos paisanos; pero ainda non deprehenderon á diñifical-los pra se diñificaren. Dende elquí apalpo a verdade de que sómentes os nosos paisanos teñen o segredo pra criarmos de novo a cultura que perdimos pol-o ausentismo.

En Munich a xente sabe comer con mellor crianza que en Berlin e nas ruas e nos teatros aparecen tipos de aristocracia natural. Xuzgando por impresión eu diría que os prusianos non tiñan aristocracia e foi por iso que inventaron o militarismo pra faguer dos militares unha caste de outa categoría.

Os afiches en Munich teñen as letras menos gordas e grandes que en Berlin. Eu coldaba que a musa do anuncio artístico era o diñeiro. O *porqué* é Hohlwein o mellor cartelista alemán, esmagou as miñas dúbidas en col da honradez artística dos afiches. Hohlwein é un verdadeiro profesor de arte decorativa aplicada ó anuncio. Cada afiche que sai das suas mans e unha creación. Dispois dos miles de afiches que se levan feito pr'anunciar cigarros, o talento de Hohlwein acaba de faguer outro mais: N'un fondo verde escuro destaca silueta negra d'un elegante e a fio da boca reloce unha tacha acesa de bermello representand'o lume do cigarro. Poucas pinceladas se deron con tanta cantidade de talento.

Eu riñei con Rubens ollando no *Louvre* aquela mistificación da Hestoria e da Mitoloxia en louba da vida luxada de Maria de Medicis. Dispois non fitel más que cadros mortos, fabricados pra encherlos Museus. Cheguei talmente a sentir nas salas de Rubens o mesmo noxo que se siente n'unha cortaduria, diante da carne que se come. Agora, dispois de visital-a «Alte Pinakothek», compre axoennarme pol-o arrepentimento e confessar que Rubens foi un gran pintor, un pintor que pintaba tanto quería. Nos moitos apuntes que se conservan n'iste Museu tremive o aquei milagreiro do Arte. Con todo eu non tocaría nada seu por aquila paisaxe, segmentada con esceas da vida de Nosa Señora, maximada por Memling, nin por aquil conto popular posto en aucón por Breughel o vello.

—¿Quer qué llo pinte de azul? —¡Non!

—¿Quer, logo, que llo pinte de bermello?

—Non, tampouco; eu quería que mo pintes d'unha coor antre azul e bermello. Velahi un diálogo que sostén un pintor artesán de gusto decidido e un home barnizado de cultura, un burgués. D'unha chea de diálogos así nasceu o *bó gusto*. O *bó gusto* ten coor gris e representa o medo da sinceridade. Compre decir que o *bó gusto*, trunfante en Paris, non ten migalla de creto en Munich.

Ista xente non s'afai ó trafego de andarse arrincando gomos que lle nascen no espírito e cada gomo que botan é ponla segura. Coidan o espírito e déixan-o medrar libremente. A cultura interior dos alemáns, por exemplo, non ten o romanticismo pechado na ucha dos segredos e foi por iso que xurdeu elquí unha «mística do corazón» cando en Paris xurde unha «mística da cabeza». *Espressionismo e Cubismo* valen tanto como decir *Romanticismo e Clasicismo*.

Confeso que non sei como é o *albre*. Pra comprender téñenme que decir *cerdeira*, *maceira*, *pereira*, etc. Eu ben distingo un piñeiro dun carballo, unha nogueira dun eucalipto: o *albre* endexamail-o vin. Nos meus esforzos chego a maximizar un pau teso espetado no chan e dispois a miña maximación pérdease nas poalas do *albre*. Eu, como ter, teño idea do *albre*; mais eu non teño a sua imaxe. O *albre* non é, por certo, unha creación; é sómentes un tipo-medio... Pintar albres, pois, é faguer filosofía. Pra tel-a idea do *albre* compre coñecel-as *cerdeiras*, as *maceiras*, as *pereiras*, etc.; mais os que o pintan non teñen a idea nin teñen a imaxe. Algunhas novas andan á pintal-os xenéricos e pra iles o *albre* é un pau c'unha bola no curuto. Eu xa nor digo qué se imiten as *cerdeiras*, as *maceiras*, as *pereiras*, etc.; eu conformariame c'un tipo novo inventado. Ser intérprete ou creador; mais pra crear unha fauna e unha flora compre coñecer primeiro a obra de Deus, com'a coñecia o Bosch e mail-o Breughel. Pintal-o *albre* é non coñecel-a Natureza e co-a ignorancia nada se pode faguer.

Grünewald debía sere pr'os *neo-espiritualistas* o que o Greco debía sere pr'os *neo-idealistas* y-en Alemaña algunhas artistas más teñen postolos ollos no segundo que no primeiro. ¿Non ollades que Grünewald pesa e que o Greco voa? Si é certo que os artistas *novos* andan a buscal-a sua y-alma esquecida o camiño é

Grünewald que non é o Greco. Nos pintores alemáns do remate do XV é onde os artistas renovadores atoparán a y-alma do Gótico e algúns pintores *novos* de verdadeiro talento (Franz Heckendorf e Willy Jaeckel, por exemplo) andan á copiar o xeito do Greco...

Sepp. Frank en Munich é coma Branhwyn en Paris e Bruycker en Gante; tres augafortistas que enchan as tendas d'estampas modernas. Sepp. Frank impresionou moito e por illa ando de tenda en tenda com os catadores d'estampas que pintou Daumier. A mellor augaforte de Frank representa un guerreiro antigo con armadura de ferro tocando unha lira feita c'un esqueleto: as cordas da lira son espadas.

Na «Pinakothek» hay grandes mostras de Matias Grünewald e de Miguel Pacher, os dous representantes máis gabados do Gótico, e somente co que allí teñen abondaría pra renovar un Arte. Canto di Huysmans en *Lá Bas* de Grünewald é certo e ainda máis. Na sua *Mofa de Cristo* hay unha figura que lle dá ó cadro un aspeuto arrepiante de brutalidade: é un xudeu que ten o brazo ergueito pra zorregar, sen dor, un tremendo puñetazo na testa de Cristo. Tamén de Gabriel Mälesskircaner hay un cadro que feito hoxe daría unha volta ó mundo; é un cadro pintado con catro coores: negro, branco, roxo inglés e ocre. Riba d'un fondo mouro resaltan as tres figuras crucificadas de Cristo e os dous ladróns; a figura do ladrón ruín é a mellor caricatura macabra d'iste personaxe; lonxinos, á cabalo d'un faquillo, afincalle brutalmente ó Noso Señor a sua lanza, que ainda non s'espetou na caixa do peito, e o corpo magoado e moldeado de Cristo, fai un arco...

Na «Pinakothek» moitas sorpresas levei... Ali puxéme a ben con Murillo, máis que pintor relixioso pintor da ledicia de rañarse cando proe; as suas esceas de rillotes son admirables. Ali ollei ó Greco onde debe estar: a beira do Tintoretto e lonxe dos hespañois. N'iste Museo Murillo e o Greco trúcanse que mete xenio.

En Munich a moderna escultura chea de influencias arcaicas, exípcias e ainda negras, ten sempre unha gran forza expresiva e a Idea criadora xustifica o seu tamaño. Eiquí poucas veces me peta o desexo de convertir as esculturas en pisa-papeles ollándoas c'un anteollo posto do rivés.

Xa fun moitas veces a «Munchener Kunstausstellung 1921», onde s'espoñen 2816 obras, Pasmoume a gran variedade d'escolas e a facilidade como pintan as cousas más dificultosas. Cando se poñen a imitar literalmente as cousas van mais alá da fotografía e a interpretación da realidade supón tal virtuosismo técnico que cai de seu o batel-as mans e admirar cos ollos arregalados. Os impresionistas son valentes na pincelada e poucas veces recuren ó procedimento de tanteos piollosos. A pintura do fato chamado «Secession» amostra unha gran honradez no esforzo de renovar o arte; cada pintor ten a sua estética e o seu procedimento, e todos unha arela de gloria. Na sección de Arte decorativo trunfan as vidreiras *espressionistas* (eiquí *Espressionismus e primitivismus*).

Os asuntos relixiosos volven ó cadro e os artistas novos amostran o azo d'alle interpretación relixiosa da vida. A familia (home, muller e neno) é asunto preferido e ten arrecedor de cousa santa. Hay moita *Teosofía* na pintura nova alemana. Willi Schmid, por exemplo, pinta con fosforescencias amarelas, verdes e azules; pinta con luz as sombras e os seus cadros teñen un lixeiro aspeuto de clichés negativos. As figuras que pintan outros *novos* da «Secession» non son opacas, son de vidro e teñen luz interior. As figuras pintadas d'iste xeito son espíritos; son, outras veces, as formas das cousas que ficam no ambiente cando xa morreron as cousas; son os *dobles*, os *corpos astrales*. Unha *Adoración dos pastores* (obra tamén secesionista) non ten ningunha figura opaca; a Virxe, San Xosé y os pastores mantéñense axoellados no aire e os seus corpos velaios e transparentes voan com as globas de xabón: o Neno-Xesús ten a mesma lumiosidade do sol e no medio de tanta luz os nosos ollos de terra non poden distinguil-o.

Tamén o comunismo na Alemaña ten un arte propio, moi semellante ó que fan os rapaces malcriados nas paredes encaleadas. No arte comunista axega sempre un can da rabia cos dentes arregalados; mete medo e dá noxo ó mesmo tempo. Na maneira de predical o internacionalismo non poñen amor, que poñen xenreira; a raza que non ten acougo en ningures vai sembrando loitas sanguinolentas, pondo no corazón da besta humán as suas xenreiras de raza

maldizoda. A inocencia do procedimento é o *camouflet* qu'encobre a ponzoña. As xentes que viven fortemente enraizadas na terra si que teñen inocencia deixándose engayolar. Un pintor alemán, todo doido, amostroume hoxe un album do pintor George Grosz, onde co gallo de atacar ó militarismo e ó nazionalismo fai bulra dos «netos de Teuto» e considera os xermanos coma uns autómatas arreplantados; o album cheira que fede á burdel cativo e non s'aforra o espetáculo de crímenes sexuales onde aparecen mulleres destripadas, co-as pernas en toros. George Grosz fén a mentalidade ruin d'un ilustrador espontáneo de comén de café cantante. Iste artista figura enrolado no «Junge Kunst»-é, pol-o tanto, unha espranza...

No «Glaspalast» espoñen os da «Neue-Secession», o fato máis avanzado do arte alemán d'agora. Unha Sala de respeito contén a obra toda do finado Wilhelm Lehmbruck, que traballou en Paris, Berlin e Zurich; artista xa consagrado polos espíritos acugulados de letras. Ainda que cheo de influencias alleas non s'en-gruñou tanto que o espírito xermano non viva nas suas obras. Lehmbruck traballa na pedra figuras arcaicas refeitas pol-o Greco, corpos ensumidos e cabezas sen ouciplio. Canto semella alongado nun encoiro de tísico elqui está alongado de certo; pescoco, brazos e pernas. Os calcañais e as rodillas parecen bochas infladas. Nas facianas traballadas por iste imaxinero voa unha infinita dozura e na tabua do peito dos encoiros de muller hay sempre as duas boliñas de carne que pintaba Cranach.

Dos pintores da «Neue-Secession» trunfa Max Beckmann, un mozo cos ollos moi arredados e o pelo de rato famento. Cun forte sentido dramático vai pintando as maquinaciones que ferven na testa dos cocainómanos. Todo canto fai ten iste xeito: n'un sobrado misérino están afórcando un home, esgazando unha muller, guindando un meniño pol-a fenestra, e n'un cuirruncho ainda sigue tocand'o ledo fonógrafo dos días de festa... Dravringhausen, artista dado ós misterios, pinta figuras velaiñas en paisaxes mouras con fosforescencias. Dravringhausen pintou o Monte das oliveiras e no cadro aparece o seu forte talento. Paul Klee, un dibuxante parello de Kandinsky o xefe do fato *expresionista* do Sul, dese la monicreques co-a mesma lo-

cencia dos nenos. Paul Klee merecia que lle puxesen unha pelexa de carneiro no leito en que durme, por mor de que non apodrezca o colchón... jé tan neníñol. George Grosz, co-as suas caricaturas emponzoñadas, dá consellos arrepiantes. Dos 46 artistas restantes que compoñen a «Neue Secession» val mais non falar.

Agora todos queremos chamarnos artistas pol-a sinxela razón de que somos pouco pintores, pouco escultores, pouco arquitectos... Y-é que a verba *artista* xa vai significando un abuso dos xenéricos. Elqui tamén andan cacheando a fórmula milagreira de faguer arte coma se o dia que desen con ela non fose o derradeiro dia do arte... A «volta ó cadro» tan pregoada pola teoría do *Expresionismo* non pasou, ainda, de ser unha boa intención.

Vou os concertos; mais eu non son intelixente. Hay música que me desacouga, que me trai e que me leva, que me fai cibilar; mais eu son un ignorante. Os musicos da miña preferencia son os rusos; mais ¿quén me di a min que son os mellores? Un músico ruso apaña un tema popular e logo dalle mil voltas pra faguer d'unha cousa sinxela unha cousa grandiosa; sempre Wagner querendo superar a J. S. Bach. Mais eu coido que cand'o tema non xurdeu do xenio d'un home, andivo primeiramente choutando no maxín de moitos homes, logo apareceron moitos temas semellantes que as xentes traballaban pouco a pouco, coma quen fai unha Eirexa con pedras arrincadas en moitas canteiras, e cando no remate apareceu o tema definitivo e perfeito, quedou pra sempre na memoria do pobo. O pobo fai un traballo de síntesis, o músico fai un traballo de análise. O traballo do pobo e mal-lo do músico poden representarse gráficamente por dous ángulos opostos pol-o vértice; o vértice, ese punto que non ten dimensión ningunha, representa o tema popular e velaiñ onde está a esencia do arte, o sintético, o creado. A música pra moita xente non debe ser mais que un arte de creación pura y-eu penso que teñen razón. E contra todo eu quero sempre más ca rusa...

Os artistas novos sempre están á *profundar*, como decia un barbeiro de Rianxo, e alguns fan adrede cousas incomprendibles, co gallo de faguer un arte impopular, «como é a música *à camera*, como son as ciencias». Queren chegar a xenios *profundando*. Pensan que o arte está nos

miolos y-estruchan a cachola como quén estrucha un tubo de pintura.

Compre confesar que Munich donou ó Mundo máis que unha nova tendencia da caricatura, un arte novo, expresivo e sintético. Pasado xa o ano 50 do derradeiro século, o dibuxo humorístico adequire técnica propia e Munich puxo na man do humorista un novo xeito d'expresión trascendente. Con todo, iste arte, d'abondo precedor d'un gran Museu, vive acochado nas coleccións das revistas e xornais. Eu, que tanto amo a caricatura, non puden ollar máis obras orixinaes que un cadro de A. Hengeler na «Neue Pinakothek» e mais unha colección de dibuxos de A. Roeseler. Na casa do ferreiro culleira de pau... Buch, Oberlander e más Hengeler no *Fliegenden Blätter* cultivaron o enxebre humorismo da raza; Gulbransson, Heine e Blix fixeron política arrabeada no *Simplicissimus*. Os primeiros deixaron fillos pra seguir a vella tradición da raza, realista e optimista. Os segundos non deixarán herdeiros, por vivirem das actualidades. Aquil acedado Gulbransson está vello, xa non ten forza no seu alfarrón e vive de *Herr Professor*; con il morrerá o *Simplicissimus* no creto e na sona que ganou no mundo. A caricatura, como arte, foi gloriosa; como arma foi a carabina de Ambrosio mangada n'un pau.

A «Danza macabra» que dibuxou Holbein e que Lützelberger grabou con tanto amor, representa o cumio do gran humorismo medioeval. A «Totentanz» de Holbein con «Des Isenheimer Altars» de Grünewald xustifican d'abondo o esforzo de renovación artística. N'istas obras atópase fortemente diferenciado o espírito xermano e como nelas vive a eternidade á elas compre voltar. Seguir más adiante nas loucuras do arte alemán moderno sería morrer.

Dos dous elementos, coor e liña, somentes a liña preocupou os alemáns. Non ten dúbida que a coor é importante, como é o adxetivo; pero a liña é o sustantivo e val moito más. Sería noxento fitar un corpo humán sen esqueleto, informe com'a masa na artesa; formando moreas de carne en cada esforzo muscular. Pois ben; a liña ven send'o esqueleto da pintura e por illa terá ela unha forma e unha forza. Reparando nos dibuxos dos grandes mestres un intelectual ollará n'iles, mellor que na pintura, a y-alma limpa do artista. A coor cícais non sexa más

que unha vulgarización da pintura. Os dibuxantes son preteridos inxustamente e a caricatura alemana, frol intelectual, nin tansiquera é mencionada polos *expresionistas*... caricaturistas ventureiros. As simplificacións humorísticas, no seu afán de faguer un arte esencialmente expresivo, chegaron ó convencional, de tal maneira que certas *caricaturas arbitrarias* son abreviaturas soyo comprensibles pra quén estea no segredo. O dibuxo humorístico levado máis adiante chegaría á convertirse en sílos, en escritura, en arte parello do noso arte rupestre. Nin que decir ten que a caricatura chegada á tal punto de perfección perdería a técnica necesaria pra seguirse chamando arte e calquera podería xa faguer caricaturas. Os rapaciños artistas que desprecian a técnica e coidan que fan obras definitivas, non son más que uns caricaturistas merados.

Moito coidadío con faguer literatura; mais os *cubistas* queren faguer arquitectura, os *orfistas* música y os *expresionistas* filosofía. E botando ben as contas todo canto se fai de novo é froito dos xogos da literatura.

Os artistas alemáns pouaron os ollos no arte de todal-as terras e de todol-os tempos, inxertand'os no seu. Derradeiramente, xa esgotadal-as influencias dos artes salvaxes, foron ó arte azteca buscando novas sorpresas decorativas. Abóf que Alemaña non voltará ó seu ser namentras os libros sigan poñendo diante dos ollos xermanos as tentacións de todol-os artes alleos. Os alemáns teñen libros de más, e ve-lahi.

Contan que Hans von Marées (1837-1887) foi o devanceiro máis direuto dos pintores anti-naturistas. Na *Staatsgalerie* puden fitar as suas mellores obras, co prexuicio de canto se dí encol do seu arte. Paul Fechter asegura que nas obras de Marées hay: «un camiño pr'os *expresionistas* na realidade transformada dos ouxetos; intentos de *cubismo* na maneira de organizar os cadros.» Eu xuraría que non hay nada do dito. Hans von Marées fixo cadros de gran apariencia artística combinando tres posturas do soyo encoiro que sabia dibuxar; o aquel está en niveis-los pesos y-en embadurnal-los encoiros con diferentes coores. Un arte probe conseguido con pouco esforzo.

Un equilibrista encolle-los o corazón cami-

ñando, risoño, pol-a corda tensa, e de súpito  
reparamos en dous fios de aceiro que amparan  
o corpo do equilibrista trampón. Perdeuse o per-  
tigo e perdémol-a emoción. Tamén no Arte  
compre que o artista faga co-a meirande seren-  
dade as cousas más dificultosas e cando por  
boa ou por mala fada descubrimos alguma  
trampa, ficamos decepcionados. Eiquí, á beira  
dos grandes honrados, medran os grandes  
tramposos. Y-é que o alemán, en canto dá c'unha  
boa recetña non-a perde.

Tan loubado como está Marées está esque-  
cido Arnold Böcklin (1827-1901). O autor da  
*Illa dos mortos* non está de moda... Tamén  
Franz von Lenbach (1836-1904) é o pintor pra  
vellos. O gran retratista tampouco está de  
moda...

Canto vin nos moitos Museus de Munich,  
sería longo de decir. E dispois compre que algo  
garde pra min.

## NOS

Nas Exposicións individuaes e de grupo que  
puden visitar eiquí, level unha ben cativa impre-  
sión. Algunhas días puxenme triste e reneguei da  
civilización, da cultura, de todo canto pode ma-  
tal-o espírito d'un pobo.

Un xornal de Munich dirixese ás autorida-  
des de Baviera pra faguerlle saber qu'están so-  
brando extranxeiros que veñen á divertirse.  
«A ver si Munich vai trocarse n'un Paris, n'un  
Berlín, n'un Viena!...»

Xa me vou pr'a miña Terra. Ali todo estará  
por faguer; mais ali non está esgotada ningunha  
possibilidade. Galiza pode sere o que foi e ainda  
máis do que ten sido. Todo depende da voun-  
tade dos seus fillos.

Alemaña perdeu todo na guerra. Velahi pra  
que sirveu a confederación dos estados ale-  
máns. A unidade matouna e o internazionalismo  
envileceuna. O *separatismo* salvaraya.

Castelao.

## NOITURNO

### DO MEDO E DO ROMANCISMO

Acorre a miña sonata  
que prega baixo a lumieira  
pol-a rúa,  
namentres que, vagaxeira,  
por antre nubes de prata  
vai a lúa.

Soidá morna da noite,  
corazón que arde no vento  
bretemoso:  
saloucante e dóce acento  
que non has ter quen l'escoite  
¡saudoso!..

Medo das portas fechadas,  
medo de todo o que axexa  
nos sombrizos,  
(...e medo do que latexa  
nas nosas almas, inzadas  
de cobizos.)

A mar a engullir estrelas:  
A lúa crébana os remos  
en mil cachos.  
Y-a canzón que non sabemos  
ven a parolar co-as velas  
nos refachos.

Mentras tuas arelas vogas  
nas augas craras e ledas  
d'un ensono,  
¡vela por min, que m'afogan  
as cen pantasmas inquedas  
d'un mal sonol

Na miña nao vagaxeira,  
da Noite iréi, no segredo,  
en busca túa,  
e do meu amor á veira,  
adoitarás a ir, sin medo,  
pol-os camiños daLua...

**E. Blanco Amor.**

Buenos Aires, Xaneiro 1923.

## FIRMA DE CRETO

—Pois, señor abade, eu viña  
falar hoxe con vostede  
porque, non se esqueceria  
de que antronte confeseime  
e, pol-o que vosté dixo,  
é perciso devolvere  
aquiles cartíños... ¿sabe?...  
¿non s'acorda?... os do tio Alberte;  
os que lle tirei d'a bulsa  
n-a feira do vintesete....  
—Si: xa m'acordo.

—Pois, santo,  
pra pagar e quedar ceibe,  
porque ninguén tén segura  
a vida, foi e lembreime  
de que vostede cecáis  
me poderia valere  
n'iste caso. Eu, á verdade,  
e qu'ind'ó démo me leve,

non dispongo de cadela,  
e si voste de quixese  
prestarm'ises cartos, iba  
restituía con eles,  
embarcábame pra Cuba  
y-os primeiros que fixese  
xiráballos n-un istante  
e nada mais.

—Boeno, Pépe:  
¿e non che seria o mesmo  
embarcar pr'onde quixeses  
y-ó ganalos remitirlos  
direutamente ó tio Alberte?  
—¿E si morro n-o camiño  
y-a miña y-alma se perde?  
—Non t'apures: a tua y-alma...,  
xa nin o démo ch'a quere.

Xavier Prado Lameiro.

### VERBAS POEMATICAS

## A POLOXETICA DO CADALEITO <sup>(1)</sup>

Pra Rafael Cansinos-Assens.

Alá vai o homildoso cortexo pol-o ca-  
mino aldeán. Alá vai o probe cadaleito de  
piñeiro lirico, sobor dos frós irmáns, pol-a  
xorobada encosta da verea. Loira neve de  
sol abenzoa as agras i-os atercidos dom-  
mos dos cumiales. I-outra neve, branca  
i-eufórica, folerpexa órficos anacos de me-  
lodias dend-as latexantes espadanas da ei-

rexia petrual. Acolá enriba as lonxedades náufragas do ceo, com-unha fronte cansa, dibuxan a cavilosa enrruga d-unha nube. A terra é un arfante peito varil con sua roiba pelame de centeos. I-a pelerina labrega percorrendo, pasenijo, o vieiro queiroguento cara a freguesía montañesa; o psalmico pranto orballado d-inxenuida de e de lembranzas; o elexiaco tanguer dos zocos d-abedoeira nos seixos da congos-

(1) Cadaleito: caixa mortuaria.—(N. do A.)

tra; a frorida morea de panos recendentes a xuventude i-a mazás; i-o sol tísico enguруnado baixo as sabáns da brétema; o cadro todo, lembra arumada de lendas a céltiga emoción dos cadros de Cottet, o breton.



Os dous compañeiros degarantes de eternidade ruben arrecochegados, corpo a corpo, as tortas xibas do camiño. Si, os dous bós, os dous vellos, os dous irmáns amigos. O labrego difunto i-o piñeiro morto. D-un tan soío fica un suoroso fato d-osos i-un antigo ronsel de bágoas e de tristuras. Do outro, somentes isas catro taboiñas da piadosa caixa. I-unha lenda de cantigas no vento morno da saudade E tristuras, tamén. Compañeiros na morte. Compañeiros na abafante romaxe da dor. Compañeiros na pelingrinada amargurante da mágoa eterna. Alá vai, encol dos ombreiros garimosos, a parexa eisáñime: xemela na homildade do pasado, na vaguedade inqueda do porvir, no amor e no sofrir, a arelar febrenta o dondo ben da aboa terra.



A sua hestoria é cativa e triste, com-as hestorias d-isos nenos caquécicos que, nas prazas cibdadáns, ollan coa envexa da impotencia o garular dos roibos rueiros de rapaces. Foi un piñeiro serodio que medrou medoñento na mais afastada e irta orela do monte. De cote apouvigado pol-os trebóns bruantes da serra, lazarado de sol e de mágoas, transido de dores, ateigado de doenzas o pobre piñeiriño iña entrando no adral da vida coma n-un eido alléo. I-o seu corpo esguio foi murchándose pouco a pouco. I-enganido ficou. Dispóns adoítouse ó sofrimento e unha indifrenza estoica e fatalista. Seica un sanguinento serán erguéu o espazo as suas máns de frouma e pregón ó Señor unha branca esmiola de caridade pro seu fero destino. O bon Deus debéu s-apiadar d-il. Fixoo poeta. Eisi véuse a sua cativeza abenzoada pol-o sagro don do lirismo, D-ali pra diante a sua

i-alma de resina descobriu, na sua epifanía amanecente, novos vieiros lumiosos e vixes carreiros d-emoción.. Pol-a taumatúrxica virtude da poesía trocárone en risos as bágoas, i-os queixumes doridos en cantigas fondas. O uivo scismático do vento foi, entón, zoando na lira das ponlas, tépeda cantata de berce. A xiada noitébrega, namoroso bico de noiva. A choiva miuda, polipétala fror estrelecente a enxoiar as arpadas gallas cheas da sua gracia, com-un arbre de Nadal. A neve, lírico descer de pombas lacteas, co consolo no bico, n-un novo fror da saga céltica. I-a brétema, espirto do seu pasado, vigorosa e descorida, com-unha i-alma penitente...

A gargillada do serrón espertouno. A morte abaleóuno, adoecida. I-o piñeiriño serodio axoénllouse un momento pra se guindar despois co corazón chagado de azul i-a fronte suorosa d-armonias.

Do tronco fixeron ise homildoso cada-leito.



Pra enterrar os seus dores i-as suas amarguras, Heine desexaba un cada-leito de madeira rexia e dura  
coma qu-hai sobor do Rhin  
na ponte outa de Maguncia.

Pra empanal-as suas penas abondalle a ise probe labrego a caixa de piñeiro lírico. Cal a do arbre serodio pudéramos desfollar outra hestoria somellante. ¡Tan dorosa é a caravana das suas horas mortas!



Si no dia do xuizo definitivo, no val bíblico rentes da campa d-Absalón, no meio da graúa xuntanza, s-erguera a morriña, feita arbre, d-un piñeiro, ti serias, espirto honrado dos cadaileitos aldeáns, posto ali pol-a mán de Deus coma símbolo das vidas sinxelas que durmen o sono dos séculos na silenziosa honradeza dos froridos adrás labregos.

Francisco Luis Bernárdez.

## A :ESTRELA :DO :APOSTOLO



Socedeu que desploys da morte gloriosa do Nosso Sennor Iesu Christos, o seu Santo Apostolo nosso Sennor Sant'Yago, en companna con Joseph d'Arima-theia chegaron polo mar aas ribeiras da nossa Terra Galega, para padrical-o Evangeo a nossos avós que eran pagaos. E uinnan guiados por huma estrela que lles aparescera en o Ceo, aló na Terra Sancta, e logo que a viu o Santo Apóstolo aixinha reconneceu ser aquela mesma que aos israelitas marcara o caminno pra sairen do Egipto, e chegaren aa Terra de Promision, e a que logo trouguera aos Santos Reys Magos cara ao Portal de Belen onde nasceu Nosso Sennor Iesu Christos, e logo que o

tiuo adevertido, dixo lle a Joseph d'Arima-theia: Ai Joseph, veleiqui a Estrela que Deus Nosso Sennor, en a sua infinida sabencia e misericordia foy seruido de nos enuiar para que leuemolo caminno que ela nos marca; e de certo che digo que assi como esta Estrela leuou aos fillos do meu tocaio Jacobo cara aa Terra de Promision, eleyta de Deus, que oje chamase Terra Santa, assi tamén agora ha-nos leuar a nós dereytemente a huma noua Terra eleyta de Deus, Terra de Promisión, que como a nossa que





imos deydar, ha ser prouada por moytas penas e calamidades que lle ha impoor o jugo extrangeiro, prouas com as que Deus quer poor en juizo a Ffée, a Esperança e o Amor dos seus fillos, tendoos coma tiuo aos fillos de Isra-

el longos anos en captiuidade; mays como eu quero sosteelos sempre en os seus qrevantos, digoche en uerdade que morra eu onde morrer, quero que os meus óssos seian traguidos a descansar para senpre en aquela noua Terra que ha ser a minna leguunda patreia, da que hey levar o nome, porque no endeante os homes mays me han creer galego que israelita, e non hey ser chamado Sant'Yago Zebedeu, senon que Sant'Yago de Galiza será o meu nome.


E embarcaron os dous e foron cara o oucidente e deante de eles iba caminando en o Ceo a Estrela miragreira a que ao andar iba deixando en no Ceo un ronsel de luz que ali ficou para sempre, e de Galiza onde uinna dar recibiu o nome de Galaxia, e tamen o de Caminno de Sant'Yago, porque foy o que il troujo para uiir a Galiza.

E chegaron e convertiron e bautiçaron aos Galaycos nossos avós, mays logo tiueron que dar a uolta para Palestina e ali o Santo Apóstolo recebeu croa de marteyro e cando morreu, Joseph d'Arimatheia lembrouse das ueruas do Santo Apostolo que lle dissera cando lles aparesceu a Estrela, que o leuasse a repousar a Galiza. Enton apannou os restos de Sant'Yago e il e os discipolos que foron chamados os Varoes Apostolicos, emprenderon nouamente para Galiza, seguindo o ronsel que a Estrela deixara en o Ceo, e chegados que foron meteron o corpo do Santo Apostolo en huma Arca Marmorea e soterraron a Area num campo debaixo do Pico Sagro, que foy a pirmeira sede dos Caualeiros do San Graal, que com il traguía Joseph d'Arimatheia. E ali estiuo onrrado de

todos o Corpo do Apostolo e mays tamen a Sancta Copa, namentres que non uinneron os mouros e se fixeron donos do Pico Sacro e de toda a Terra de Galiza, que soy moyta tristura. Que enton os Caualeiros do San Graal tiueron que fugir con a sua reliquia para o monte Cebreyro e ficou esquecida a sepultura do nosso Sennor Sant'Yago que quissera descansar nesta nossa Terra para ser nela o anunciador perpetuo da sua saluacion e da sua eternidade.

Mays cando os cristiaos reconqueriron o reyno de Galiza e os mouros do Pico Sagro ficaron encantados coos seus tesouros nas entranas do monte, huma noyte uiuse locir a Estrela miragreira do Santo Apostolo en o campo que hai debayxo do Pico Sagro, o que soy visto polo Bispo de Iria Teodomil, e descobriuse a Arca Marmorea onde estauan os restos de Sant'Yago e enton fixeron a Igreja de Sant'Yago e a vila de Compostela e uinneron a Galiza os cristiaos do mundo inteyro para adouraren ao nosso Santo Patron e Papa Calixto declarou que tanto ualia que uinheran a Sant'Yago coma que foram a Hierusalem poys si Terra Santa era aquela tamen esta de Galiza é Terra Santa. Mays non se atopou o San Graal, que cando o Arcebispo Gelmires determinnou de buscalo o Santo Apostolo apareceu e dissolle: Non te canses porque por mays que fagas, non está reseruada para ty esta auentura, e buscarás e non acharás, porque o que atopar o San Graal ten que estar por inteyro ao serviço de Deus e da su Terra de Galiza e non ao seruicio de rei ningún nin imperador nin sennor extranno e somentes aquil o ha consagrado que chaman o Restaurador da Patria que ha uiir encoberto e ha chamar por todos fillos desta Terra espalhados polo mundo inteyro sonando no Corno de Breogan dendo outo do Faro dos Brigantes. Sosega poys, meu amado seruo e agardemos a que os tempos seian chegados.

E cando o reyno de Galiza foy de todo sobmetido aa domennacion dos reys de Castela, ao certo tempo, o corpo do Santo Apostolo perdeuse de no-



uo coma cando foy dos mouros e assi estiuo moytos anos. Mays despoys foy atopado por douos fillos omildes do pouo que eran douos artesaos que era a unica clás que ja ficaba engebre, os quales estauan trauallando na Igreja de Compostela, e a iles foy que o Apostolo se quis miragreiramente reuelar o qual foy o anuncio de que iban chegar os tempos. E por isso foy que un dos canteyros que andauan en obra en o abside da Igreja uiu de pronto o resprandor da Estrela miragreira o qual era tanto que o home cegou da sua luz e assi se conneceu que ali estaua o corpo do Santo Apostolo.

E esto quere dizer coma nós deuemos ser boos e omildes e engebres como eran aqueles boos artesaos para uermos tamen a Estrela miragreira, poys a Estrela ha lozir de nouo na prenitude dos tempos para a nossa Terra.

VICENTE RISCO.



Grav. en buxo, de Castelao.



## NOSO SEÑOR SANT'YAGO

*O do bordón, das cunchas e da estrela,  
Patrón da Terra nosa, aloumiñado  
de saudosa paz, no esgrecio estrado  
da enxebre catedral de Compostela.*

*Así te adoura nosa fé sinxela:  
no teu trono de prata encadeirado,  
a man a benzoar, asosegado,  
esquecido das loitas de Castela.*

*E o teu cabalo branco como a neve,  
a túa espada de rebrilos louros  
e o relembro das tráxicas fazañas*

*que, arredado de nós pra sempre, os leve  
o poco que te alcuña Matamouros,  
a sanguinosa xente das Espanas.*

R. CABANILLAS.



TEIXEIRA DE PASCOAES EN MADRID

## DON QUIXOTE E A SAUDADE

### O POETA.

Ao falarvos, galegos, novamente d'iste poeta insiné, todo il esp'rito religioso da nosa Raza, todo il ateigado de lús a alumiar as nosas almas e a nosa Terra rexurdinte, eu non pretendo, nin muito menos, presentárvolo mais outra vez, porque eu sei ja que pra vós é d'abondo coñecido.

Dend'o primeiro número d'ista revista en que o seu nome campaba magestoso na sua "Fala do Sol" com'unha bandeira desfraldada da nova Galiza, vós sabedes ben a sinificación trascendente que pra nós os nacionalistas ten a figura de Teixeira de

Pascoaes, e sabedes igualmente do seu profundo amore á Terra galega, amor tan grande e verdadeiro que eu diría que a Galiza toda se sinte representada na sua obra poética.

Teixeira de Pascoaes é o poeta saúdoso, o grande poeta da Saudade que junto c'o seu ja coñecido misticismo pagán que é divino panteísmo, ten feito d'iste sentimento tan racial no noso pobo, unha verdadeira religion. N'iste senso Teixeira de Pascoaes é sen deixar de ser portugués, profundamente galego, e isto dános a nós o direito a falarmos a cotio da sua obra maravillosa, ja que como il mesmo di, é noso

"na sangu e na alma" como o é agora tamén no sentimento.

Hoje o móvel que nos fai pôr istas 'inas, non é outro senón que o de falarvos da sua interesante conferenza dada hai dias en Hespaña na simpática "Residencia de Estudiantes" de Madrid.

Con o tema atraínte e sugestivo de "*Don Quixote e a Saudade*" no salón de conferenzas d'ise centro cultural, disertou mais d'unha hora o Poeta do Marón, definindo aos hespanoos as duas almas diferentes dos dous povos que conviven na península ibérica. Nós, escoitamos silenciosos a sua oración que foi un canto de saudade en terra de Castela, e a sua voz por veces déble e dóce resouu pasenho no espazo con as notas enmeigadas da lingua portuguesa.

#### A CONFERENZA.

Vou falar da miña terra—dixo—e por iso das almas que mellor a representan n'iste mundo: Camões e Frei Agustinho da Cruz; como falar de Hespaña é falar de Cervantes e Unamuno, a quen chamou o autor do *Novo testamento de D. Quixote*. Aqueles dous poetas e istes dous escritores son os supremos intérpretes da Iberia que é a terra santa de D. Quixote e da Saudade.

Analiza istes dous divinos persoajes qu'il dí foron creados polo genio peninsular e afirma que iles representan diante de Deus e sobr'a Terra a todol-os Povos que habitan iste admirábel curruncho do Pla-  
netá, dend'os Pirineus até o Mediterráneo, o mar das ninhas e sereias e ao Atlántico que é o mar tenebroso do Adamastor.

Logo, en frases poéticas descrebeunos con genial maestría a sinificación d'ises dous sentimentos que embeben respetivamente as almas castelás e galaico-portuguesas, e pola nosa imaginación sintimos comovidos pasare de novo os seus pantasmas, agora ainda mais reais porque viamolos saire do seu propio acochamento pra aparcérenos nas froumas verdescentes, de misterioso engado, alá na sua terra trasmontana envolteitos nas brétemas da serrado Marón. Si, nós sintimos de novo os seus pantasmas, as suas sombras bretemosas... que eran factos ardentes radiantes de saudade, asulagárense nas trebas e a espallar en raiolas feridoras d'unha inmen-  
sa dore, que era a força creadora da triste-

za. As suas sombras bretemosas... que son tamén estrelas aloumiñantes encol d'un mar de bágoas a choraren a sua dore infinita do alén-Mundo.

Por un momento perdimol-a conta de tanta frase mágica, que atopábamones enlevados no balbordo enmeigadore da sua poesia, e só sintimol-a friaje d'un esqueleto con lanza feito só esp'rito, e ollamos a Saudade que era un espeítro feito só alma; "un corpo que fixos'alma á forza de ser tan triste". E engadiu: "A alma ibérica tén duas faces distintas e inconfundibéis; a face saúdosa e a face quixotesca; a unha fondamente dramática, creada nos desertos da Castela, a outra esencialmente elegiaca, nascida dos ermos ensombrados de Portugal e de Galiza".

O nome da nosa terra, sugeriuille a seguir a figura santa da nosa Rosalía e en verbas cheias de veneración religiosa proclama-a como a maior poetisa de todol-os tempos, afirmando que os povos peninsulares vieron ao mundo pra creare a elegia saudosa e o drama quixotesco. "Dous sentimentos profundos d'un grande alcance religioso e por tanto, social, aos cuais o Futuro pertence".

Deu remate a sua conferenza c'un canto de saudade ao céo da Iberia. Si,—dixo finalmente—o céo da Iberia é a visión saudosa e quixotesca do infinito, é ha sere a Terra de mañán. Non esquezamos que un sepulcro é un ventre creadore e que a morte precede á vida.

#### SAUDADE...

Logo d'isto que fica devandito, non farei ningún comentario; coido ademais que non son precisos. Só quero dicirvos aos que non coñezades a sua Obra maestra, que Pascoaes é na actualidade, sen dúbida algúnhia, o meirande poeta religioso da Terra irmá; é a sua relixión e a Terra, a sua Terra divinizada e feita céo; por iso os seus libros son anacos d'ise céo escentilante e sobrenatural qu'il creou arrecedente de saudade e de esp'rito da nosa Raza, e por iso il agarda ainda que ise céo cheio de engado, porqu' é só esp'rito, ha de baixar algún dia pra sere a Terra do mañán.

"A Terra do Mañán" feita hoje céo polos poetas e p'los esp'ritos mais escolleitos de cada Povo; feita mañán terra e realida-

de pola sabencia e ouenza dos espíritos nacionais.

Entramtres a nós só nos cabe faguerlle ista homenaxe á sua figura engrandecida no horizonte indefinido do Porvire e saudare de longe discubertos ao poeta lusitano, ja qu'il é tamén dos que están a crear con nosco a nova civilización da Lembranza dos Povos atlánticos, e ja que tamén dend'hai tempo a sua saudade imorredoira, levámosla pra sempre afincada na nosa alma porqu'ela é igual á saudade da miña terra, que é a sede implacabel das augas sen beira, que é a sede de Deus.

Luis Cortón do Arroyo.

Madrid, maio 1923.

◎

N. da R.—O noso moi querido irmán Luis Cortón préganos que n'este traballo seu respeitemos con toda fidelidade a *forma gráfica* por il empregada, co-a que di quer contribuire «a labor

de milloramento da nosa ortografía que tarde ou cedo terose que encamiñar mesmo por propia conveniencia, e unha maior identidade gráfica coa lingua de Portugal». A ortografía do Cortón, que ven a ser a nosa verdadeira ortografía enxebre que s'atopa nos documentos antigos e mais en moitos escritores do século pasado, foi empregada en NOS en artigos de Jaime Quintanilla, de Johan Viqueira e outros autores. Si temos adoutado xeneralmente a empregada polos escritores ourensans do XIX—Lamas Carvajal, Curros Enriquez, Socio e Arcos—non é por que a teñamos por millor, pois temos que recoñecer que ningunha rizón científica hai qu'a abone, senón por pensarmos qu'a xente está mais afelta a ler o galego escrito d'ise xeito que foi o que mais se popularizou no noso tempo, que non na ortografía erudita que pra ben ser debéruse levar.

De todal-as maneiras, alegrámonos qu'o Cortón veña traxer iste asunto a actualidade, e aproveitamos a ocasión pra propón os colaboradores de NOS nos dean o seu parecer en col de si é xa iento de que n'esta mesma publicación s'inicien de feito a reforma ortográfica.

## O TEOSOFO ALEMAN RUDOLF STEINER

(REMATE)

X

Repto ainda qu'as verdadeiras esencias teosóficas áchanse ben escondidas en *Die Philosophie der Freiheit*. Collamos logo un dos dous libros nos que Steiner fai unha exposición xeneral da doutrina ocultista: *Teosofie* e mais *Die Brüderwissenschaft im Umerse*.

No primeiro d'iles, a concepción do home coma *ser-pensamento* que lle vimos desenvolvar na *Philosophie der Freiheit* é ouxeto d'un novo desenvolvimento, e sigue o central da doutrina ou polo menos o xeito típico d'esplicar Steiner a teosofia. Fai notar moi especialmente a coincidencia da verba sanscrita *mātrā* (mente) coa alemana *Mensch*, que significa o home coma ser espiritual—mais atopo eu coa verba *Mann*, inglés *Man*, na qu'a raiz *man* (da que veñen *mātrā*,

mente; *Mann*, o pai do xénero humano, nos *Puranas* etc.) consérvase sen modificación. Craro que non hai dúbida qu'o home ten por caraterística a mente, o pensar; mais en teosofia, non é o home o mais elevado ser que se coñece, e iste antropocentrismo do Dr. Steiner, que lle fixo dar a sua doctrina o nome d'*Antroposofia*, en troques de *Teosofia* coma si puxera o Home no sitio de Deus, é d'iste xeito unha manifestación mais da gran herexia —tomemos a verba herexia elquí tamén, no senso popular qu'esta verba ten en galego, coma cando din: «fixo co-il herexias»— da gran herexia, digo, dos tempos modernos: o *humanismo*, que tan ben dilucida Roberto Hugo Benson na sua novela *O Amo do Mundo*. E no verdadeiro senso da teosofia é herética tamén. Ora que ten unha gran ventaxa coma posición espositiva e pedagóxica, embora leve o

perigo de producir un prejuizo inicial, prejuizo que, dentro e fóra da teosofia é o mais grave e o mais dañoso de todos prejuizos levan o home de trabucamento en trabucamento.

«Moitas xentes» di Steiner «áchanse dispostas a lle tiral-o creto o pensamento, e a poñeren no posto mais ergueito a «ardente sensación da vida» ou a «emoción». Alguen di así: non é polo «pensamento frio», senón polo calor do sentimento, polo imediato poder das «emocions» polo qu'un abrange a suma sabencia. As xentes qu'el falan temen embotar os seus sentimientos s'escrecen o seu pensamento. E por certo, is' é o resultado dos pensamentos ordinarios no que se refire somentes as cousas útiles; mais no caso dos pensamentos que levan ás mais outas rexios da existencia soced'o contrario... Os mais outos sentimentos son de feito, non os que venen «d'iles mesmos», senón os que se sacan d'un enerxico e perseverante pensar.»

Ven a selo que di Steiner, o contrario do que de cote pensaron os grandes místicos do mundo inteiro, que todos eles procuraron car os mundos superiores, ises mundos superiores que Steiner quer revelar, un camiño por riba do camiño da razón raciocinante: a intuición intelectual, o contrario do que pensaron os seus devanceiros alemás dend'os grandes místicos cristianos ou cabalistas e herméticos da Egipto Media, os do gran revival romántico, esaltadores, coma Novalis, Schelling, Schleiermacher, etc., do sentimento, que pra iles non era causa puramente efectiva, senón unha via pr'a coñecencia por riba da razón dos filósofos... O mes-

mo Platon, o ídolo dos racionalistas, admítia por riba da razón dialeítica e especulativa, o entusiasmo que chama *furor poético* ou *furor sacerdotal*. E os discípulos místicos de Platon, os neoplatónicos, Porfirio, Plotino, Proclo, Longino, Macrobio, Lamblico etc., era no anublamento da sua razón, no éstase contemporativo, quando obtiñan a revelación da verdade invisibile. D'este xeito, Lamblico tres veces chegou a sentir unido a Deus; Plotino, catro veces; Porfirio, cinco.

Mais a Divindade tampouco é pra Steiner o que era pro los neoplatónicos: «O mais elevado que pode consideral-o home chámase «o Divino». «O que ven confirmal-a nosa dedución da sustitución da verba *teosofia* polo d' *antroposofia*.»

Unha cousa que recomenda dende logo a *Theosophia* de Steiner, é o emprego da división ternaria en troques da septenaria qu'empregan os teosofistas da escola Blavatskiana, coma Sinnett, por exemplo. A mesma H. P. Blavatsky, empregou o esquema ternario, que é o da Cábala, na sua primeira obra *Isis Unveiled*. O esquema septenario é non principal, senón subordinado. O Sete é o número dos mundos de manifestación. A tradición ternaria é universal. Nós, os Celtas, témol-o núñaro tres na base da nosa tradición oculta, é o número do esquema do Druidismo.

Así, en Steiner atopámonos a división en *corpo, alma e espírito* que, polo sistema ternario, comprenden os nove principios do *home total* do ocultismo, que damos elixi coas correspondencias do septenario dos blavatskianos:

<b>Corpo</b>	{	Corpo fisico . . . . .	Sthula Sharira.
		Corpo etéreo . . . . .	Linga Sharira.
		Corpo animico . . . . .	Kama Rupa (Corpo Astral).
<b>Alma</b>	{	Alma sensibel . . . . .	Manas Inferior (Kama Manas).
		Alma intelectual . . . . .	Manas Superior.
		Alma coscente . . . . .	Budhi (Corpo Espiritual).
<b>Esprito</b>	{	Eu espiritual . . . . .	Atma.
		Esprito vital . . . . .	
		Home espiritual . . . . .	

É tamen dina de nota a teoria da trasmisión dos corpos, e tamén a exposición das doutrinas da reencarnación e do Karma, d'unha gran fondura e d'unha gran craridade, e de como se cruzan a reencarnación coa herencia, con-

servadora da forma específica que reside na y-alma, asegún Steiner. Lembramos elixi o conceito brahmanico de qu'a y-alma está no sangue, relacionado coa tradición popular europea da herencia estar no sangue, expresión adoptada

no falar da xente. Tamén as expresións alma da raza, alma da especie; e ainda o sel-a y-alma en certo modo, coma principio da vida, unha forma superior da forza vital, que no corpo fisico, chámase en sanscrito *Prana*.

O esquema ternario, o que se sebordina o septenario, é apricado tamen por Steiner a enumeración dos mundos; estuda, pois:

O Mundo fisico.

O Mundo animico (Plano Astral); na pelen-grinación do home; *Kamaloka*.

O Pais espiritual (Plano Mental); na pelegrinación do home: *Devachan*.

É merecente d'atención o que dí das rexións (subplanos) dō mundo animico. D'estes e mais dos do pais espiritual, dá unha espricación psicolóxica. Sabido é que na filosofía india os mundos ou planos (*lokas*) son ó mesmo tempo e en rigor, *estados da conciencia*, dos qu'os fundamentás son tres: *jagrata* (conciencia esperta, ou fisica), *svapna* (conciencia mais qu'esperta, ou d'ensoño), e *sushupti* (conciencia de sono sen ensonos).

As rexións do mundo animeco, en Steiner, son:

1 a dos desexos ardentes—corresponde ó sólido fisico.

2 a da excitabilidade corrente—id. ó líquido fisico.

3 a dos desexos—id. o gaseoso fisico.

4 a da atraición e repulsión—rexión intermedia.

5 a da luz animeca—corresponde á luz fisica. . . .

6 a da força animeca aitiva. | **Ternario superior.**

7 a da vida animeca. . . .

N-ise mundo animeco loitan a *simpatia* e *antipatia*. Así e como a *estensión* e o *espazo* son peculiares ó mundo fisico, a *excitación* e o *pulo* sonos do mundo animeco. Pulos, desexos, cobizas, dí Steiner, son nomes pr'o material do mundo animeco.

Steiner false cárrego de que «as nosas verbas, efectivamente, reciben o seu sentido e significación en tanto s'aprican ó mundo fisico», d'eiqui o difizile que é falarmos dos mundos superiores. Do que non da señal de se ter deprecado Steiner, é de que os nosos pensamentos pasalle igual do qu'ás nosas verbas—eso, ainda qu'os nosos pensamentos non foran coma son

caxeque totalmente fillos das verbas—pois xa se sabe que Bergson chamou a atención en col do feito de sel-o noso pensar d'orixe pragmática, en vista e pra servizo da aitividade práctica no mundo que nos arrodea. Por outra parte, nin ainda o propio Steiner crê n-unha teosofía atinxida puramente pol-a especulación racional, en canto considera preciso o desenrollo dos senso superiores, sen os que, nin o mundo animeco nin o pais espiritual poden entrar na nosa coñecencia.

As rexións do pais espiritual son:

1 A dos arquetipos creadores do mundo fisico. Eiqui, os arquetipos vense coma formas e as suas relacóns olíense coma a *música das esferas*.

2 A que contén os arquetipos da vida, que corren pol-o mundo do espírito com'o sangue polo corpo.

3 A dos arquetipos das formacóns animecas.

4 A dos seres que gobernan os arquetipos das outras tres rexións.

5, 6 e 7, rexións *arpas*, ou sen forma, son ond'os seres suplen os arquetipos cos *pulos* da sua aitividade.

O que Steiner escribe en col dos estados *post-mortem*, da *aura* e mais das *formas de pensamento*, dos *senso astrales*, na *Theosophie*, non teñen xa a mesma novedade respecto d'outros escritos teosóficos. Isto e as descricóns que fai da vida n-outros mundos, da Atlántida, dos reinos elementaes, nin difiren esencialmente das d'outros videntes, nin nada d'iso pertence ó seu punto de vista orixinal, que é o qu'eiqui nos ocupa.



Imonos ocupar, pol-o derradeiro, do libro que Steiner escribeu en col do *Misterio Cristiano*, e tamén un pouco do seu sistema de desenvolvemento psíquico.

Pirmeiramente, outra advertencia de carauté xeneral. Maurice Maeterlinck, comentando as ideias teosóficas de Steiner, di o seguinte: «Despois de ler ise tratado do éstase (*A Iniciación*) notabre por certo dende mais d'un punto de vista, sinte un a tentación de pérquntar s'o autor conseguiu fuxir do tropezo contr'o que preveu os seus discípulos, e si non s'atopa il tamén n-un universo criado d'enriba embaixo.

pol-a sua maximación», anqu'o fin e o cabo, non sei s'a esperencia confirma ou non os seus assertos». Ainda se m'ocorre a min outra cousa: si Steiner, coma outros teósofos, non estarán tomando, moitas veces, o simbolo pol-a cousa significada, e persoificando maximariamente alegorias...

Dito isto, imos seguir. Steiner arrédate da escola blavatskiana n-un punto capital: a sua maneira de tratalo feito do Cristianismo e a persoa de Cristo. Prego os meus leitores se fixen ben en que Steiner non é ningun ortodoxo nin moiito menos.

A escola blavatskiana pon coma centros da evolución espiritual dos homes, os sucesivos Buddhas, que no Tibet chaman colectivamente *Avaloketishvara*, homes supremamente evolucionados, que tendo chegado n-unha das suas vidas á suprema *Bodhi* (cencia ou coñecencia suma) renuncian ó *Nirvana*, premio derradeiro dos seus méritos acumulados, e toman a vestidura de *Nirmanakaya*, encarnándose novamente antr'os homes pra lles comunicare o que saben e encamíñalos á coñecencia suprema.

Steiner, pol-a contra da iste papel á Cristos, quen é d'iste xeito a síntese da divinidade latente adentro de todol-os homes, simbolo da humanidade divinizada, porque il tomou sobre si a divinización de toda a humanidade. «O logos—di—en evolución en millós de persoalidades humanas, resultou desviado e concentrado pol-o conceito cristián na única persoalidade de Cristos. Xuntouse n-un, a forza divina espallada pol-o mundo inteiro.» D'iste xeito, o qu'enantes cada un buscaba adentro de si mesmo, agora buscámolo en Cristos.

En realidade, esto áchase menos arredado da filosofía cristiana, do que poidera parecer. Iste é un dos lados do conceito gnostico de Cristos, interpretado por un espírito cecais demasiado moderno pra comprender inteiramente a verdadeira esencia do gnosticismo. É o inco-

menente de querer a xente d'agora prescindir das complicaciós que teñen todal-as cousas, por mór da síntese, cando a síntese, pra ser síntese, non pode prescindir de ningun aspeuto da cousa, senón recollelas todas, despóis de miralas ben, cada unha, por todol-os lados. E isto non se lle pode perdoar a un espírito xermánico. Os mediterráneos, ben, que teñen a guilladura das belas frases sintéticas que soLEN ser outros tantos trabucamentos. Steiner, por fortuna non fai frases d'estas. O seu estilo non é o *vivacissimo* ou *prestissimo* que Nietzsche envidiaba a Voltaire; escribe com'un home serio e de cencia, n-un tono antre familiar e pedagóxico, un pouco machaca ás veces, sen a eficacia retórica dos oradores, tan fácil pra calquera.

Tocantes ó sistema de desenvolvemento psíquico de Steiner apesar do seu tono intelectualista—di il que é un desenho do pensamento—en realidade, está fundado no Yoga indo de Patanjali. É que hai duas clases de Yoga: o *Raja Yoga*, composto d'exercicios mentais, e o *Hatha Yoga*, qu'envolve tamén un réxime fisico. De todal-as cousas que á Europa truxo a teosofía blavatskiana, é o Yoga a mais importante, sen dúbida, e é no Yoga, se cadra, en certo modo, onde s'atopa un dos puntos capitales d'iste problema. Outro dia falarei dos estudos de W. Lutoslawski e de Paul Levy en col do Yoga, e ainda do Yoga dos americans. Steiner, coma todol-os teósofos ortodoxos, recomenda o *Raja Yoga*.

E eiqui remato isto trabalho qu'agardo sexa d'utilidade pra cantos en Galiza s'ocupan d'istes asuntos. Rematarei dicindo qu'o saber non ocupa lugar, mais que, dito d'un xeito xeneral e sen entrarmos nos distingos que teríamos que faguer, eu non dou creto á teosofía; mais creo, e moiito, nas cencias ocultas. O qu'entenda qu'en-tenda.

Vicente Risco.



## SECIÓN ARQUEOLÓXICA

### OS RESTOS DA EIREXA VISIGÓTICA DE SAN MARTIÑO DE OURENSE

Na fachada da eirexa de Santa María de Ourense élavanse unhas colúas antigas n'as que repararon algúns d'os historiadores que levan escrito encol da Sede auriense.

Mais todos eles non atinaron a poñerse contestes sobre da época y-o monumento a que pertenecen.

O noso Mestre Murguía a quer sigue Villamil e Castro, (1) supoñéndoas da eirexa vella de Sta. María, da os seus capiteles do século XI e do «románico secundario» (2); López Ferreiro, o gran historiador da Eirexa Compostelán, fai entre eles certa distinción, decindo de dous, que son visigóticos; e Vázquez Núñez, o chora-



do arqueólogo, rebatiendo con acerto a opinión de Murguía, di de todos eles o que López Ferreiro de dous, e decir, que pra o seu xuízo son visigóticos «mais adecuados á decadencia románica que a os estilos dos séculos XI e XII» adventindo que non-o afirma en absoluto porque, según di, «a altura a que están impide examinalos con atención» (3).

Dende logo que esta foi, quizais, a razón principal que todos tiveron pra non definilos ben, y-outra non houbo pra que tan esqueneci-

(1) *Iglesias Gallegas*, página XI.

(2) *Galicia y sus monumentos*, páginas 903-4.

(3) *Santa María la Madre*, traballo publicado no n.º 14, mayo de 1900, do *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*.

dos estiveran dos nosos arqueólogos. Mais pramín o remedio foi fácil: pedirlle permiso a quem podia concedelo pra chegarse a unha ventán do pazo episcopal, pretiño de eles, e subir hasta chegar a carón dos mais outros, pra velos de cerca, fotografialos que se poidera e reproducilos, como oxe o facemos, pra que os que entenden de estas cousas xuzguén por si do que coa vosa licencia vou falarvos.

Poucas verbas precisanse pra describilos capiteles tendo á vista o fotogramado.

Son oito, catro algo más pequenos, que miden 28 cm. de altura; de mármol blanco do país todos eles, como os fustes das colúas que teñen, y-as bases dos catro que están no corpo segundo da eirexa, polo-as outras que están no terceiro n'as teñen. Pertencen a dous tipos do estilo corintio dexenerado, sendo os catro mais pequenos iguales a dous dos mayores, os de afora de follas como palmetas, que volven pouco e sin volutas; y-os outros, mais arrogantes e fermosos, de follas de acanto moi traballadas e trazadas con moita soltura, con pequenas volutas e de tradición clásica perfecta. Todos eles ben feitos anque algo desmerezidos polo tempo. As basas que teñen as catro colúas de abajo son tamén de perfil clásico e muy elegantes; y-os fustes son de dous tipos; os de enriba, abombados, como si foran mais recientes, y-os outros, casi rectos; algún de eles feito de trozos aproveitados.

Os capiteles, que son a parte mais característica e definida das colúas, aseméllanse moito a algúns da eirexa visigótica de San Juan de Baños de Cerrato, na provincia de Palencia, ergueita no ano 661, e a outro que se conserva nunha casa de San Miguel de Hornija, provincia de Valladolid, que foi da eirexa fundada por Chindasvinto nos mediados do século VII, e polo tanto tamén visigótica; tendo os mais de eles certo parecido no estilo e no tipo a un dos interesantes capiteles da eirexa de Setecoros que conservan no Museo de Pontevedra, e que se suponen do século VI, tipo que, con ligeiras variantes, perdura hasta a décima centuria, polo que ás veces encóntranse n'outras eirexas non visigóticas, se non mozárabes, como San Miguel da Escalada, na provincia de León, ano de 913.

As basas teñen tamén certo parecido con outras de Hornija e Morales de Tooto, que fo onda dita eirexa de Hornija. (4)

Como os capiteles y-as basas son exentos, y-os fustes cilíndricos, é de suponer, e pódese ter por seguro, que fosen d'unha basílica polo estilo da mencionada de Baños, que ten tamén os capiteles, según costume, de varios tipos, e desde logo pódese afirmar que pertençen a o visigótico. Mais ¿a qué século y-a qué basílica?

A eirexa de Sta. María onde os capiteles conservanse foi de novo levantada no ano 1722 polo Bispo D. Marcelino Siuri, depois de derribare a que no mesmo sitio erguera Ederonio, no ano 1084, según certa inscripción que se conserva.

Como os ditos capiteles foron recollidos da eirexa vella de Sta. María, a o se derribare, e polo estilo non pertençen a o románico; nin polo tanto a os derradeiros anos da undécima centuria, pódese afirmar que, con outros que ao parecer, e por desgracia, deixáronse abandonados (5) aproveitáronse de outro edificio na eirexa ergueita polo Bispo Ederonio. Mais como esta eirexa fora levantada de nova planta y-adicada a Catedral mentres non se reedificaba a de San Martiño, que por entón estaba, como a cibidade, desfeita polo-as guerras de aqueles tempos, é de suponer que os tales restos, con outros que deberon destrozarse, sendo, como son, de época anterior, foran da eirexa vella de San Martiño, que foi por completo derribada, cando restaurada a sede auriense polo privilexio de Sancho II, ano de 1071, comenzouse de nova planta e no mismo sitio a catedral románica-oxival que oxe se conserva, no ano de 1132.

Polo dito privilexio consta que a Sede Auriense estaba dedicada non solo a San Martiño, se non tamén á Virxe Sta. María, pois non era costume fundalas eirexas cunha sola adicción. (6) De eiquí nasceu á creencia de que molto antes da fundación de San Martiño houbera

(4) Véase *Iglesias Mozárabes*, de Gómez Moreno.

(5) Murguía fálanos (ob. cit.) de que viu outros capiteles polo estilo na Imprenta de Paz.

(6) O Mosteiro de Sobrado fundouse no século X adicado a S. Salvador e a Santiago, y-o de Cines, da mesma centuria, a S. Salvador, Sta. María, S. Benito e S. Nicolás.

a de Sta. María, e que, tratando, quizais, de darlle unha antigüedad mayore á Sede, dixérase, sin razón, que a eirexa de Sta. María fora a catedral primitiva e que, pol-o tanto, era mais vella que a de San Martiño.

De maneira que antes da eirexa ergueita por Ederonio nos anos derradeiros do século XI, outra no lugar non había; e a catedral de Ourense era a eirexa de San Martiño, así chamada inda que fose adicada tamén a Sta. María. (7)

Por San Gregorio de Tours sabemos que a dita eirexa foi levantada pol-o rey suevo Carriarico, pois inda que cala o pobo onde a erguera, os autores, por razoes históricas, conveñen en que foi no de Ourense, alá entre os anos 550 e 560; e das suas verbas «In honorem B. Martini fabricavit ecclesiam, Miroque opere expedita» (8) ben claramente dexérgase que debiu ser un monumento amplio e fermoso.

Ourense foi destruído no ano 716 polos árabes, que volveron a tomarlo no 733; e inda que foi restaurado por Alfonso II a o ano siguiente, o dito rey da como novamente destruída a cibidade no 832, e non podendo restaural-a sede, agregouna coa de Braga, á de Lugo. Os normandos asolaron, a o parecer, a cibidade no ano 868, e Alfonso III poblouna despois de toma-la, non sei de quén, o puxo de prelado a Sebastiano, no 877, tendo que restaural-a sede, que no documento adicase a S. Martiño, no ano 886; e xa vimos como Sancho II, que coa sua

(7) O dito Mosteiro de Cines, por exemplo, chámase oxe, somentes, de S. Nicolás, y-antes mais se lle conocía por S. Salvador.

(8) *S. Gregorii Turonensis de Miraculis, San Martini*, lib. I, cap. XI.

hirmán Xeloira veu por Galicia, restaurou de novo, e xa definitivamente, a Sede auriense no 1071.

Nese ano inda a cibidade estaba arruinada y-a catedral destruída, tendo Ederonio, como dixemos, que levantal-a eirexa de Sta. María, mentras a de San Martiño non se facía de novo. (9)

E decir, que desde comenzaos do século VIII hastra os derradeiros anos da undécima centuria fálase de restauraciós d'unha sede, e pol-o tanto d'unha eirexa, que sabemos que foi a de San Martiño, ergueita pol-o rey suevo Carriarico.

Os capiteles polos estilos poden sere de aquela época, e polos número e hasta polos traballo, están decindo que foron d'unha eirexa de certa importancia, e así lla concederon a os seus capiteles cando de unhos monumentos a outros foron-nos conservando.

Digo, pois, que pra miñ son visigóticos, da eirexa de San Martiño ergueita por Carriarico, e polos tanto dos mediados do século VI. O que teña outras razoes, que as poña: ahí ten ben pretiñyo y-a modo o fotografiado d'eles pra que poída xuzgar ben a xeito.

#### A. del Castillo.

A Cruña.

(Fot. do Autor).

(9) E de supoñer que nos derradeiros anos do século XI, a eirexa de San Martiño, con tantas restauraciós e remendos, non valera a pena de reedificala; mais, pra miñ, a razón principal que deberon de ter pra votare por terra o que de ella quedase, debiu sere a necesidade de engrandecal-a catedral, erguéndoa n'quel estilo románico que por entón invadira a Galicia, e no que hacia o 1075 comenzouse a nosa catedral de Santiago.

## OS DOLMENES DO MONTE DAS MOTAS EN LOBEIRA

De todolos megalitos son seguramente os dólmenes que teñen chamado mais fortemente a atención dos arqueólogos e feito xurdir ó seu arredor maior número de teorías e hipótesis. Dados a coñecer co nome qu-hoxe levan polo Latour d'Auvergne na sua obra *Origines Gauloises*, publicada en 1796, e comentados aíxina acesamente pola celebre escola de Cambry, pasaron n'estes primeiros tempos por altares drui-

dicos erguidos polos celtas, na época da sua dominanza no O. europeo.

Semellantes errores foron posteriormente reutificados e xa en 1867 Alexandre Bertrand, despois de repetidas escavaciós probou d'un modo certo o carácter funerario de tales monumentos, que seguiron non embargante sendo atribuidos a pobos célticos hastra qu'a sua aparición en terras tan alonxadas da Europa com-a Siria a E-

xito e o Sudan, veu demostrar o falso da sua asinación a unha raza determinada.

Pero com os dólmenes a pesar da gran extensión da sua área xeográfica, aparecen casi escrusivamente en rexións costeiras, algúns prehistóriadores maximaron coma consecuencia diste feito a existencia dun pobo navegante cos espallara en todos aqueles lugares onde chegaban os seus arriscados viaxes. A carón dista teoría ergúese a hipótesis polixenista asegurando que a arquitectura dolménica tería xurdido en países poboados por xentes non soillo de raza diferente si non illados entre si polo único poder determinante de análogas creencias relixiosas e de semellante grado de civilización.

No día as opiniós mais autorizadas si non admiten as fabulosas peregrinacións dun pobo navegante, tampouco se conforman coas especulaciones polixenistas, pouco acordes coas chocantes analogías de plan constructivo y hasta de detalles, como das taxas furadas que se observan nos dólmenes da Francia, da Siria e do Malabar, e home de tanta crítica como Dechelette non ten inconveniente en afirmar a realidade dunha estreita relación cultural entre todos os pobos constructores de dólmenes.

Ista maneira de pensar é hoxe xeneralmente admitida, pero o tratar de averiguar cal pudo ser o punto de partida e de oríxen destes momentos non andan tan de acordo as opiniós dos sabios, e as escolas opostas de orientalistas e occidentalistas sostienen as suas conclusións, misturando na porfia interesantes cuestións cronológicas.

Porque de todos os megalitos foi o dolmen non soillo o que tivo mais força de difusión si non tamén maior alento vital e un poder meirande de transformación. Nado cicais do sinxelo montón de grixos, pasou a ser logo cámara cuberta, alongou despois a sua entrada en forma de corredor, e medrou e diversificouse hasta chegar a adquirir as proporcións xigantescas de Tumiac, de New Grange, de Antequera ou a elegancia refinada dos tesouros micénicos. E como estas medras e variacións por ter lugar a través de milenarios de anos poden servir para alumear a sucesión de escuros períodos y establecer sincronismos determinantes das influencias recíprocas dos distintos círculos de cultura, de ahí o

empeño afincado con que hoxe os dólmenes son comentados e estudiados.

Montelius pudo, fundado na sua evolución, formular unha división do neolítico escandinavo; Winckle e Bosch y Gimpera, anque o segundo adianta muito más as datas do primeiro encaixaron nas grandes épocas prehistóricas os megalitos portugueses, pero o labor disto foi facilitado por atopar a tipología dolménica composta nunha reducida área xeográfica, e poderen ser datados os distintos tipos, gracias aos achados do seu mobiliario.

Pero isto caso non se da sempre; polo contrario son poucas as rexións onde as diferentes formas aparecen xuntas e marcando o seu orden de sucesión. Por causas ainda non ben conocidas pero que poideran ser, unha menor riqueza, un grado mais baixo de cultura ou un maior illamento dos centros onde as transformações se originaban, o dolmen en moitas partes non chega a adquirir o seu enteiro desenvolvemento que culmina na falsa cúpula, na galería cubierta e na sustitución das grandes taxas polo cachote, e queda reducido ás formas primarias mais modestas da sinxela cámara ou da cámara co corredor iniciado.

Tal pasa na nosa Galicia onde aíslora non teñen sido atopados mais tipos dolménicos que a cámara circular ou poligonal cícalas nalguns casos cun principio de corredor. En troques cremos nós que a nosa patria é unha das rexións da Europa onde estes megalitos aparecen mais vastos. Creo que non podemos apoyar con cifras esta afirmación, pois non hay ningunha estadística nin pequena nin grande redactada na actualidade, pero si temos en conta a cantidad prodigiosa de mámoas existente na nosa terra, e que a maior parte destas mámoas contienen cámara dolménica, como o probaron os relatos d'espororacións levadas a cabo por Murguía no país de Noya, de Vázquez Nuñez e Sanjurjo na provincia de Ourense e ainda as visitas feitas por nós ás estensas estaciós das Mamblas, preto do Castro Caldelas e do val do Sallas, pódese supor con grande fundamento que Galicia en igualdade de terreno conta con mais dólmenes que as rexións pirineica e bretona as mais ricas de toda Francia n-estes megalitos aseguran os datos do derradeiro catálogo.

Desgrazadamente a maior parte dos dólme-

nes gallegos, están xa rexistrados, remexidos e moltos derramados polos ilusos ciprianistas, buscadores de pantásticos tesouros, e polos mais positivos buscadores de laxas das cámaras, moitas das que están hoxe servindo de pedras de lagar ou de soleiras de cociña.

Quedan así todo nalgúns estacións exemplares pouco destruidos que permiten por comparanza dos residuos dos outros formarse unha ideia en col do carauter xeneral do yacimiento. Tal ocorre no monte das Motas en Lobeira, onde fumos guiados por unha referencia de Barros Sibelo e acompañados e asistidos por D. José Lamas e polos escolantes D. Gregorio González e D. Alexandre Otero os tres cultísimos e entusiastas fillos de Galicia.

O nunca ben chorado arqueólogo, Arturo Vazquez Nuñez, nun seu artigo publicado no «Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense» di o siguiente:

«La estación más importante de las indicadas en esta provincia por los escritores regionales en lo referente a mámoas es la de la estensa meseta de Santa Cristina de Montelongo, en el Ayuntamiento de Lobera. El Sr. Barros Sibelo que ya reconoció con detenimiento, asegura haberlas visto a centenares, ocupando el espacio de cerca de un kilómetro cuadrado. En general sus dimensiones son de unos siete metros de alto por veinte a treinta de diámetro. Algunas habían sido registradas y despojadas de la capa de tierra, pero en su mayor parte permanecían entonces intactas.»

Ista referencia de Barros Sibelo, non é dunha rigurosa exactitud pois aseguir nós pudemos ver, nin os túmulos son tantos, nin o seu tamaño é en xeneral tan considerable e nin un xiqueira deixar de estar rexistrado no dia de hoxe.

A meseta de Montelongo ou monte das Motas que se ergue entre Bande e Lobeira presenta na sua parte mais outa un terreo regularmente chan, cuberto de carpazas e con lixeiras ondulacións que poden moi ben confundirse coas verdadeiras mámoas, que espalladas en toda a extensión do monte vense mais vastas cara o S. en dirección da ermida do Viso:

Istas mámoas, que non pasarán de cincoenta son de forma circular e o seu diámetro ten de 10 a 14 metros, sendo difícil calcular a sua ouertura pois todas elas teñen a parte superior mais

ou menos desfeita, deixando ver deitadas e remexidas as pedras dos dólmenes que continan.

Soilo un túmulo entre todos os que nós vimos, sobrepassa as dimensións indicadas, e polos seus tamaños e felta é merecente de ser descrito detalladamente: Colocado nun dos outeiros mais ergueitos do monte, e de forma circular, mide 38 metros de diámetro, e conserva na maior parte da sua circunferencia, un muriño, feito de pedras brutas, que debeu servir a maneira de zócalo e diante do que corre ainda un foso dun metro de ancho. Ista mámoa, cicas pola sua manitude foi a mais bárbaramente profanada de todas: na fotografía quí-a acompaña isto traballo pódese observar crarraramente como o túmulo perdeu a sua forma cónica, atopándose hoxe aplanaada. No medio de ista superficie aplanaada vimos con fondo do fondo das pedras do dolmen, non soilo arrincadas do seu asento si non desfeitas e conservando ainda algunas de ellas as sifilas dos guillos dos canteiros.

Renunciamos polo tanto a facer ningunha escavación no interior dun momento tan maltratado e levamos os nosos traballos a catro pequenas mámoas que parecían mais enteirizadas e respetadas. Afondamos nelas hasta dar co sabreiro e velaiqui o resultado das nosas observacións.

Mámoa nº 1. De 10 metros de diámetro: Formada por terra e poucas pedras soltas.

Presentaba no seu interior un dólmen de cámara circular, feito con cinco laxas de 2-17 metros de alto por 0-80 a 1-20 de ancho, e duas pedras mais pequenas de 1-18 metros de forma cilíndroide e colocadas ós dous lados da porta, que aparece orientada ó Nacente, e postas incrinadas de dentro a fora o xeito dos sostos dun toldo y apoyadas en prano mais outo que as cinco laxas restantes.

A cámara, que mide no fondo 2-80 metros de diámetro val estreitando cara arriba, estivo cuberta por duas grandes pedras, das cuas unha desapareceu e a outra que foi atopada *in situ* ten 1-60 metros de longo, por 1-07 de ancho e 0-60 de grosso.

A terra que enchiá ista cámara era grasa e negruzca, misturada con algúns carbóns, por todo o que suponemos debeu existir ali unha incineración.

Apareceron entre esta terra, anacos de duas

vasixas cerámicas, feitas a mau unha d'elas de barro mouro ruinmente cocido en forno, e a outra d'arcilla grisácea. Ningun anaco tiña vestixios de decoración.

Mámoa n.º 2. De 11 metros de diámetro; Contiña restos d'unha cámara dolménica de xeito costrutivo análogo a anterior; consistentes en tres laxas 2-14 metros e outra cilindroide de 1-20 metros d'outo. Non contiña vestixios de mobiliario.

Mámoas n.º 3 e 4. De 10 e 11 metros respeitivamente. Atopamos n'elas duas e tres laxas de tamaño aprosimado ás do n.º 2. Alcontrándose asimesmo faltosas de mobiliario.

Ista falla d'oujetos funerarios, e a presunción que temos adequirida de qu' o dolmen usouse na Galicia como enterramento dend' o neolítico hastra casi finar a idade do bronce, e a non estar estudiada a sua evolución local impidenos facer en col dos nosos descubrimientos ningun comentario de cronoxoxia ou tipología, cinguindonos a dar a noticia Ispida en espreita d'ut maior número de datos.

Ourense Abril 1923.

Florentino L. Cuevillas.

○

### UNHA LAPIDA ROMANA INEDITA

Laxe de pedra de grá, de 72 cms. d'outo por 35 d'ancho.

Foi atopada esta lápida no povo de Florde-rey, Auntamento de Vilardevós, provincia d'Ourense, perto d'onhas minas onde se poden observar vestixios d'antigas esprotacions.

O primeiro e o segundo ringlón son ilegibles, e as outras pódense interpretar do xeito seguinte:

ACONI F (ilius) ANORV (m) LX (hic) S  
(itus) S (it) (terra) L (evis) 10.

X. fillo d'Acon, de 60 anos, eiquí está: qu'a terra lle sexa lixeira.

É pol-o tanto a pedra da sepultura d'un fillo ou filla d'Aonio, e debeu estar posta de pé a maneira de estela.

Debemos a comunicación d'esta lápida ó noso amigo Don Xosé Pérez ó que facemos presente dent' estas columnas a nosa gratitud.

F. L. C.



## Á GALIZA

Guerra Junqueiro morreu. As doores de Portugal son doores nosas. Mais cand'a Nación irma chora ó irmau maior do noso Curros, ó Poeta qu'eiqui, en Galiza, tantas vocaciós espertou antr'a xeneración dos qu'oxe loitan pol-o rexurdir da Terra, moito mais fondo ha selo noso sentimento.

A Curros—di o Cabanillas—que os anxos, «queiras ou non, meterono no Ceo»; Guerra Junqueiro aló entrou pol-o seu pé. E o vello Padre Eterno acolleu na sua paz ó grande home que tivo o curazón sempre tan perto do curazón da sua Pátreia.

NÓS sinte coma seu o dño da Nación Portuguesa.

Ó santa Rosalia da Saudade,  
Do Infinito e do Bérreo em que nasceste,  
Cantora da perfeita suavidade,  
Da inefável ternura que é celeste;  
Intérprete da nova Divindade  
Que tu, Galiza Mater, concebeste,  
Teu canto imortal e redentor  
É nossa eterna gloria e eterno amor!

Teixeira de Pascoaes.



## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### AS NOSAS ESCAVACIÓIS.

Volvimos principal-as escavaciós no Castro *A Cividade* en San Ciprián de Lás, emprincipiadas no ano derradeiro, e das que xa teñen coñecemento os nosos leitores.

Os traballos que n-esta campaña fagamos, son baixo o patronato da Exma. Diputación d'Ourense, que dando unha grande proba do seu amor pol-a cultura pátreia, presupuestou 1.500 pra que poderamos seguir as nosas investigaciós arqueolóxicas, pondo ó descuberto un dos xaciméntos prerromanos mais importantes de Galiza.

O darmos dend'eiqui as gracias mais cumpridas á Diputación ourensana, prácenos en por de manifesto a sua xenerosa conduta, pra que sirva d'exemplo ás outras Diputaciós da nosa Terra, que contando nas suas respeitivas demarcaciós con arqueólogos estudiosos e de reconecido mérito, tanto poderian facer si quixerasen en favor da arqueoloxía galega.

Vaia tamen particularmente a nosa gratitudine ós Diputados Srs. Lopez Perez, Sa-

bucoso, Rodriguez Bouzo e mais ó Presidente do Concello provincial D. Eladio Pérez Romero, pol-o intrés que tomaron niste asunto, e pol-as moitas atenciós e deferencias a que lles estamos obrigados, e que endexamais agradeceremos d'abondo.

### CASTELAO EN VIGO.

O Castelao espuxo no Ateneu de Vigo o alburn NOS. Foi un novo trunfo do noso grande artista. Deron conferencias na Exposición, Antón Lousada Dieguez, Castelao e Arturo Noguerol. En Vigo hai o projeto d'editar o alburn, esa obra capital da arte galega do noso tempo. Si tal fan, Vigo terá feito un servizo eminente á cultura galega, e merecerá a gratitudine de toda a Galiza renascente.

### AS CONFERENCIAS DO CIRCO D'ARTESANS.

No Circo d'Artesans da Cruña iniciouse un curso de conferencias en col da personalidade de Galiza. A primeira parte rematou xa, e n-ela falaron: o Sr. Cotarelo da Lingua Galega, o prof. Galindo da Vir-

xe Etheria, o escritor Posada Curros de Dramáteca galega, Carré Aldao de Literatura galega e Castelao d'Arte moderno. Foi esta pirmeira parte un éisito pol-o que compre dal-o parabén ó Circo d'Artistas.

O curso volverá principiar no mes d'autono, e n'il falaran antr'outros, Don Marcelo Macias, Don Anxel del Castillo, Lousada Dieguez, Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, o noso Direitor e outras moitas persoalidades das letras galegas.

#### A FESTA DOS MAYOS.

Por iniciativa do NOS, tivose n'Ourense a festa dos Mayos. Houbo tres premios, e presentáronse a concurso once Mayos, os que pirmeiro recorron todal-as ruas da vila cantando coplas. Compuñan o Xurado os Sres. D. Luis Fernandez Gallego e o noso direitor D. Vicente Risco.

Contribuiron pr'esta festa e o NOS dalles eiqui testemuio de gracias, a Sra. Condesa del Valle de Oselle, o Liceo Recreo, os Sres. Fernández Roman, Saco e Sabucedo, e a Srta. Concepción Rocafull.

#### OUTRAS COUSAS.

Os grandes éisitos de "Cantigas da Terra" no Principado d'Asturias.

Os da Agrupación "Portugalia" en Vigo e n-outros lados. A visita a Vigo do Orfeón do Porto.

A Exposición d'Arte galega en Santiago.

#### LIBROS

SINXEIRA, *Comedia bilingüe en dous actos*, por A. Cotarelo Vallerio.

Esta obría, que fixeron por primeira vez en Santiago, o dia 10 de marzo d'iste ano, foi un novo trunfo no teatro pr'o autor de *Trebón*. O certo é qu'os que viro representar estas obras desfanse en loubanzas, non somentes pr'o autor e mais pr'os cómicos, senon tamen pr'o efecto musical que na escea fai o galego do Sr. Cotarelo. Xa temos indicado iste detalle cando foi do *Trebón*. O espírito e a calidade sentimental da obra qu'agora mentamos, é tamen imitante ós d'aquela. E un conflito d'intimidade familiar, desenvolto con viveza y-emoción, que gana igual ó leitor qu'n que o ve no teatro.

É bilingüe, e de certo, por fidelidade o que pasa na vida, tiña que selo, sendo a

nosa unha sociedade bilingüe. O castelán dos personaxes do Sr. Cotarelo é ademais o castelán nominal que se sole empregar en Galiza, híbrido nos vellos, mais imitantes ó castelán verdadeiro nos novos e sobre todo nos nenos: d'iste xeito amóstranos toda a tristura da situación, da situación mesma de que se laya Moncho no segundo auto...

Utilidade d'escribir unha obra bilingüe? Depende do qu'o autor queira conseguir ó escribilo... Está ben feito escribir unha obra bilingüe? Pra nós non, decididamente. Ora, sabemos qu'o Sr. Cotarelo faino con boa intención e non é cousa de lle botar na cara un pecado que, no caso, non é tan grave, e qu'il precura facer menos grave ainda, pondo ó lado a prédica...

#### QUANDO AS NASCENTES DESPERTAM, por Antonio Sardinha.

Euxenio de Castro fora seica o que descobrira iste poeta emocionado de lembranzas, no que a eternidade e o pasado viven en intimidade inspiradora. Eis un verdadeiro pasatista, en feito y-en doutrina. Iste "poemas da turbación e da Boa Estrela" son todos poemas d'evocación, d'intimidade, do Onte, da terra... Ainda un neosebastianista, e lenia il...

Do forte volume nutrido que comprende 63 poemas, moitos d'eles sonetos, feitos co-a mestranza con qu'os sonetos se fan en Portugal, entresaquemos — posto qu'o Sr. Sardinha é tanto un poeta d'ideias coma d'emocións — algunas cousas antr'as que mais quixéramos por en relevo:

De *Cipo*, pequeno poema do deber:

«Porque os limites doces que me impónho  
dado consistencia as asas do meu sonho  
e ajudan-me a subir ainda mais!»

De *Icaro*, pequeno poema da conquista do ar:

«Subir! Subir! — E não subir na Prece!  
O corpo sobe, mas a alma desce,  
No orgulho da Materia alucinada!  
E eu julgo ouvir, bem casquinado e extenso,  
O riso do Diabo sobre o Imenso,  
O riso do Diabo sobre a Nadal!»

Do *Poema da Carne nua*:

«E porque tudo en Christo se completa,  
(Deus não condensa a obra que criou!)  
a argila escura, nossa Madre inquieta,  
conhece as asas e desprende o voos!

Nao somos um acaso, um improviso,  
que o Tempo leva a Morte desengana.  
Lá o veremos no Final-Juizo,  
ao resurgirmos com a Forma-Humana!»

Ademais d'istes destelos de verdadeira grandeza, temos que chamar a atención do leitor car'os poemas titulados: *Balada da lúa no poço. Avos sem nome, Canção do ferro na forja, Versos do trinco da porta. Folhetos de cordel.*

Galiza e o San Graal pasan tamén duas veces com'un lóstrego de misterio por istes poemas, en estrofes fraternas adicadas ó Marques de Figueroa e a Castelao.

#### NA CORTE DA SAUDADE (sonetos de Toledo) por Antonio Sardinha.

«Meu coração de lusitano antigo  
bateu ás portas de Toledo—a estranha».

Toledo ten un encanto raro e saboroso pra todol-os espíritos d'esquisiteza finamente cultivada.

Asi, Barrés, o escrarecido cultivador de si mesmo, foi o verdadeiro poeta de Toledo. «Toledo» a estranha» di o poeta portugués, vila cavalistica, onde catro relixios: a de Cristos, a de Moises, a de Mahometo, e mais a gnosis satánica dos magos da Edade de Meia, deixaron un ronsel d'equívocos prestixios. Vila un pouco momificada, de resequida e requeimada do sol, ten o raro privilexio de conserval-o seu misterio caxequ'ntegro, apesar de se deixar profanar a cotío pol-o turismo cosmopolita. Todos poden hoxe visital-a Casa onde moraron Don Enrique de Villena, Samuel Levy e Domenikos Teotocopoulos, mais n-esa casa hai unha cova e ninguén podeu chegar ill'o fondo...

«Serei das tuas covas afamadas  
o último escolar em bruxaria».

di o Sardinha, que sab'o conto, com'o sabia Michelet, e sabe tamen qu'en Toledo alenta desmaiada de saudade a y-alma antiga, e cantos ali chegan, agás os cretinos turistas de Baedeker, han sentir con mais ou menos acuidade iste misterio entrallle polos nervos, hiperestesiados pol-a secura ascética do ambiente. Na Hespaña, ond'a pedanteria dos profesores e dos criticos d'arte s'adonou de Toledo, xa van ficando poucos capaces de descobril-o misterio das suas pedras. Menos mal, qu'ainda hai un portugués pra'adivinal-o.

#### REVISTAS

#### REXURDIMENTO

No número do mes de San Xoan venen os artigos seguintes: *A Galiza e o voto en*

*Cortes*, por V. Risco; *Marxinhas*, en col da politeca; *Feitos da I. N. G.: Duas perguntas con resposta*, que se fan a concecia galega; *A Irexa na Galiza: Movimento Nacionalista Galego: Sección Oficial: Retrosos de un Petrucio: Comentarios a un discurso de Cambó: Mostras sinxelas*, do asoballamento económico e espiritual da Galiza.

#### LA DOUCE FRANCE.

O número derradeiro trai o proseguimento do estudo de Francois Bidet en col do Nazonalismo francés de moita migalha e mais ainda senón fora tan ecléctico o autor. Iste estudo forma parte da sección *Les étapes intellectuelles du temps présent*. Dom Hebrard, sabio monxe benito, d'estilo solto e moderno, pon unha reivindicación de Pascal, *Pour une édition catholique des Pensées*. Anúnciase a segunda exposición de *na Douce France*, e a revista decretaráse órgao da asociación *La Demeure Historique*, formada polos donos de casas de valor histórico, unha nova defensora do patrimonio artístico de Francia.

#### A AGUIA.

*A existencia de Deus*, por Leonardo Coimbra.—*Ausencia*, por Mario Beirao. *Salamanca—Valhadolid*, por Vila-Moura.—*Carta de un soldado*, por Alfredo Barata da Rocha.—*A obra biológica e médica de Pasteur*, por Alberto de Aguiar.—*Cantico dos Canticos*, por Americo Durao.—*A sombra do Gebo*, por Raul Brandao.—*A Igreja de Aveleda*, por José Bomfim Barreiros.—*Notas e comentarios*: unha nota sobre Vazquez Diaz e a sua exposición no Porto, por Alvaro de Moraes, e unha carta de Goncalo Sampaio a Leonardo Coimbra sobre *A origen do fado*.—*Bibliografia*.

Temos recibido, e falaremos:

*O Pensamento integralista*, por Fernao da Vide; *Chuva de tarde*, d'Antonio Sardinha; *Jesus*, e *A Raça experimental*, por Leonardo Coimbra; *Anfora partida* de Pina de Moraes; *Pastorais*, de Mario Beirao; e revistas e xornais, coma *A Nosa Terra, Portugal*, órgao do movemento nazionalista, *Accion Gallega* de Bos Aires, *Eco de Galicia* da Habana, etc. etc.

Ast hinc duobus in Sacram (sic insulam  
Dixere prisci) solibus cursus rati est.  
110 Haec inter undas multa cespitem jacet,  
Eamque late gens Hibernorum colit.  
Propinqua rursus insula Albionum patet.  
Tartessisque in terminos OEstremnidum  
Negotianti mos erat: Carthaginis  
115 Etiam coloni, et vulgus, inter Herculis  
Agitans columnas, haec adibant aequora:  
Quae Himilco Poenus mensibus vix quatuor,  
Ut ipse semet re probasse retulit  
Enavegantem, posse transmitti adserit:  
120 Sic nulla late flabra propellunt ratem,  
Sic segnis humor aequoris pigri stupet.  
Adjicit et illud, plurimum inter gurgites  
Exstare fucum, et saepe virgultivice  
Retinere puppim: dicit hic nihilominus,  
125 Non in profundum terga demitti maris,  
Parvoque aquarum vix supertexi solum:  
Obire semper huc et huc ponti feras,  
Navigia lenta et languide repentina,  
Internatare belluas: si quis dehinc  
130 Ab insulis OEstremnicis lembum audeat  
Urgere in undas, axe qua Licaonis  
Rigescit aethra, cespitem Ligurum subit  
Cassum incolarum: namque Celtarum manu,  
Crebrisque dudum praeliis vacuata sunt:  
135 Liguresque pulsi, ut saepe fors aliquos agit,  
Venere in ista, quae per horrentes tenent  
Plerumque dumus: creber his scrupus locis,  
Rigidaeque rupes; atque montium minae  
Coelo inseruntur: et fugax gens haec quidem  
140 Diu inter arcta cautium duxit diem,  
Secreta ab undis: nam sali metuens erat  
Priscum ob periculum: post quies et otium,  
Securitate robore audaciam,  
Persuasit altis devehi cubilibus,  
145 Atque in marinos jam locos descendere.

(5) INSULA SACRA.- Irlanda, habitada polos Hibernos. Illa de Yernis n'a Argonautica d'Orfeo.

(6) INSULA ALBIONUM.- Gran Bretaña. En elol das navegacions dende Galiza as illas Britanicas, vid. Murguia, *Galicia e H. de Gal.* t. I.

(7) COLUNAE HERCULIS.—Enantes refirese o poema ás Columnas d'Hercules - *columnae pertinacis Herculis*, verso 86 - que son as do Estreito de Xibraltar e que desina polos seus nomes de Calpe e Abyla. Mais Mullenhoft, Martins Sarmento, Murguia, Garcia de la Riega e caxeque todolos historiadores galegos, refirese a outras Columnas

Pois dend' elqui á illa Sagrada (5) (que así chamaron os antigos) hai doulos soles d'embarcation. Antr'estas augas verdecen moitas terras e aquela ampiamente habitada pola xente dos Hibernos. Perto tamen amóstrase a illa dos Albionos. (6) Era costume dos Tartesios ir negociar nos límites dos Oestremnios: tamen os colonos de Cartago e a xente que se move antr'as Columnas d'Hercules (7) frequentaban istes mares: o cartaxinés Himilcon asegura poder afirmar com'ousa de propria esperencia que pra facer esta navegación apenas chegan catro meses; xa que por longo espazo ningún vento empuxa a nao, xa qu' un humor perguiceiro pasma as augas do mar. Engade a isto que xurden moitos argazos d'antr'as augas e moitas veces os seus feixes deteñen os barcos: tameñ di qu' a superficie do mar mira de perto ó fondo e apenas pouca auga cobre o chao: sempre s'oponen elqui e acolá as feras do mar ás naos, na lendo os monstros mariños vicosos e lentos:

Si algunha nao dend'as illas Oestremnidas, ousa seguir navegando baixo a vouta onde Lycaon xia o aire, esponse ó perigo dos habitantes Ligures do país; istos por mau dos Celtas, (8) despois de frecuentes loitas deixaron a sua terra e viñeron á que teñen onde habitan lugares fragosos; son moitos os terreos pedregosos e os irtos penedos e os montes amazan tocar ó ceo; e a xente fuxitiva longo tempo viviu en sitios escondidos, lonxe do mar ó que temian polo pasado perigo: despois co descanso e paz, fortificándose o valor coa seguridade, acordaron deixar as suas outas moradas e baixar á beira-mar.

d'Hercules septentrionales, postas no mar Atlántico que serían, asegura algúns, a Torre d'Hercules da Cruña e outra no extremo SW da Irlanda. Martins Sarmento (*Os Argonautas*, pass. 2 e 3) cita a isto propósito a Strabon III, 5. 5.

»Hinc quoadam putare extrema freti columnas esse, alios esse Gades, alios etiam quipiam ultra Gades in exerno mare situm.» Strabon, V, 3, 3.

(8) LIGURES ET CELTAE versos 133 e 134. O país do qu' os Ligures foron batidos polos Celtas identificase c' unha ou con outra das duas Bretañas.

Post illa rursum, quae supra fati sumus,  
Magnus patescit aequoris fusi sinus  
Ophiusa ad usque: rursum ab hujus litora  
Internum ad aequor, qua mare insinuare se  
150 Dixi ante terris, quodque Sardum nuncu-  
[pant,  
Septem dierum tenditur redditus via  
Ophiusa porro tanta panditur latus,  
Quantam jacere Pelopis audis insulam  
Graiorum in agro: haec dicta primo Cœs-  
[trymnis est,  
155 Locos et arva Cœstrimnicis habitantibus;  
Post multa serpens effugavit incolas,  
Vacuamque glebam nominis fecit sul.  
Procedit inde in gurgites Veneris jugum,  
Circumlatratque pontus insulas duas  
160 Tenue ob locorum inhospitas: Arvi jugum  
Rursum tumescit prominenſis in asperum  
Septentrionem: cursus autem hinc classibus  
Usque in columnas efficacis Herculis  
Quinque est dierum: post Pelagia est in-  
[sula,  
165 Herbarum abundans, atque Saturno sacra:  
Sed vis in illa tanta naturalis est,  
Ut si quis hanc innavigando acceserit,  
Mox excitetur propter insulam mare,  
Quatiatur ipsa, et omne subsiliat solum  
170 Alte intremiscens, cetero ad stagni vicem  
Pelago silentio: prominens surgit dehinc  
Ophiusa in oras, atque ab usque Arvi jugo  
In haec locorum bidui cursus patet.  
At, qui dehicit inde prolixo sinus,  
175 Non totus uno facile navigavilis  
Vento recedit: namque medium accesseris  
Zephyro vehente, reliqua depositum Notum

Pois detrás d'aqueia esténdese o vasto  
Seo (9) deica a Ophiusa, dend'eiqui hastr'onde  
temos dito que o mar interno se mete nas terras  
habitadas pol'-os sardos, (10) contanxe sete dias  
de camiño, tanto s'estende a Ophiusa (11) co-  
mo o que terás ouvido falar da illa de Pelope  
en terra dos Gregos; foi chamada pirmeiro  
Cœstrimnia, dos Cœstrimnicos (12) qu'ocupaban  
a terra e os agros: dempois, a chea de cobras  
(13) espantou os habitantes e elas deron nome  
à terra deserta:

Xurde eiqui no mar o promontorio de Venus (14) e ouvean as ondas orredor de duas  
illas desertas pol'-a sua miudeza: o monte Ar-  
vio (15) car'o duro Septentrion; a carreira das  
naos dend'eiqui ás Colunas do poderoso Erc-  
oles é de cinco dias.

Logo ven a illa Pelagia, (16) con herbas  
d'abondo e consagrada a Saturno, mais n'-ela a  
natureza é tan forte que chegando eiqui apenas  
escitada a illa pol'-o mar, toda treme, o chao  
abanea, tremendo hastra moi fondo; alternativa-  
mente, o mar amôstrase encalmado: dend'eiqui  
érguense prominentes as ribeiras da Ophiusa, e  
dend'o monte Arvio a istes lugares hai dous  
dias d'embarcacion.

O Seo que dend'eiqui s'abre ampliamente  
non pode ser todo atravesado c'un sollo vento,  
pois chegarás ó medio levado pol'-o Zefiro e  
pro que falla precisarás do Noto; si calquera

serpiente. Si se tiene en cuenta que la serpiente es nombre que entre los pueblos célticos suele usarse como designación de clanes, parece que la invasión de serpientes de Avieno no es sino una traducción literal del pasaje griego del periplo que debía hablar de la invasión de los Sáesos. Bosch Gimpera, *Los Celtes y la civilización céltica en la Península Ibérica*, páx. 1º, nota 2, Madrid 1921

(9) MAGNUS SINUS.—Golfo de Gascuña?  
(10) MARE SARDUM.—Mediterráneo, ou mais  
concretamente, o golfo de Lion.

(11) OPHIUSA.—Costa occidental da Peninsu-  
la Ibérica (Portugal e Galiza) e ceceais tamén a da  
parte Norte.

(12) OESTRIMNIOS.—Schulten e Bosch Gim-  
pera suponen a existencia de dous pobos d'iste  
nome: un habitando na Bretaña francesa (*Oestrin-  
nus* do poema) e outro' que é o que agora se refe-  
re, na Ophiusa, os dous Ligures.

(13) MULTA SERPENS.—Esta invasión de  
serpes qu'aseguran Avieno fixo fuxir os Ostrim-  
niós das terras da Ophiusa, di Bosch Gimpera  
que se refire a invasión dos Sáesos: «Tal retirada  
es debida segun Avieno a una invasión de serpien-  
tes. Esto no es en realidad otra cosa que la llega-  
da de los Sáesos, nombre que en griego significa

(14) VENERIS JUGUM.—Asegún Schulten, o  
cabu de Higuera en Fuenterrabía, estremo occi-  
dental dos Pirineos.

(15) ARVI JUGUM.—Taman *Arijum e Arigum*,  
e o cabu Orlega.

(16) INSULA PELAGIA.—García de la Riega  
di qu'esta é a Insua do Miño. Martins Sarmento  
lévan as marismas d'Aveiro.

Et rursus inde si petat quisquam pede  
Tartessianum litus, exsuperet viam  
180 Vix luce quarta; si quis ad nostrum mare  
Malacaeque portum semitam tetenderit,  
In quinque soles est iter: tam Cepresicum  
Jugum intumescit: subjacet porro insula  
Achale vocata ab incolis: aegre est fides  
185 Narrationi piae rei miraculo;  
Sed quam frequens auctoritas sat fulciat.  
Aiunt in hujus insulae confiniis  
Nunquam esse formam gurgiti reliquo pa-  
[rem]  
(Splendorem ubique quippe inesse fluctibus  
190 Vitri ad nitorem, et per profundum marmoris  
Cyaneam in undis esse certum imaginem  
[est]).  
Confundi at illic aequor immundo a luto,  
Memorant vetusti: semper atque sordibus  
Ut faeculentos gurgites haerescere.  
195 Cempsi atque Saefes arduos colles habent  
Ophiusa in agro: propter hos pernix Ligus  
Draganumque proles sub nivoso maxime  
Septentrione collocaverunt larem.  
Paetanium autem est insula ad Saefum  
[latu]s  
200 Patulusque portus:

(17) CEPRESICUM JUGUM.—Cabo Espichel, asegun Schulten. Outros din o cabo Roca.

(18) INSULA ACHALE.—A Arrabida, ond'o cabo Espichel.

(19) CEMPSI.—Pobo céltigo qu'ocupaba a parte Sul da Ophiusa, ou sexa o Sul de Portugal, dende un lugar difizile de precisare, ate o limite cos Cynetes ligures, que debía de ser pol-a bahia de Setubal e o Sado.

(20) SAEFES.—Pobo céltigo qu'habitaba a parte Norte da Ophiusa. Na nota 13 falamos da interpretacion da invasion de serpes coma sinificando a dos Saeves nas terras da Ophiusa qu' enantes ocupaban os Oestrimios Ilizures. Tanto Schulten coma Bosch Gimpera teñen os Saeves como celtas, mais o primeiro ponos na parte Norte da Meseta central ibérica, namentras que Bosch ponos nas montañas de Galiza e Norte de Portugal (véxase: *Los Celtas y la Civilización céltica en la Península Ibérica*, pax. 6).

(21) ARDUOS COLLES.—Si se tiene en cuenta que la fuente de Avieno no muestra, en general, ningun conocimiento del interior de la Peninsula

quixer ir a pé ó litoral dos Tartesios case sobre o viaxe de catro dias; si se quer chegar ó noso mar e ó porto de Málaga, compren cinco soles: tanto s'ergue a serra Ceprésica: (17) pois debaixo está a illa chamada Achale (18) polos habitantes: difícil se fai crer as narracions estrordinarias mais abonda que a autoridade as sosteñña de cotio. Din que nos lindes d'esta illa, o mar non ten a figura d'outros lados (hai onde queira nas augas un esprendor semellante ó do vidro e no fondo fai ilusión de haber n'il mármore cyaneo). Os antigos lembran qu'ali mistúrase co-as augas unha lama lixosa e sempre s'apegan as augas coma lamiguentas.

Os Cempses (19) e os Saeves (20) ocupan bravos montes (21) no chao da Ophiusa; perto d'istes o lixeiro Ligur e a caste de Draganum (22) fixeron certamente o seu lar baixo o nevoso Septentrion; tamen ó lado dos Saeves está a illa (23) e o ancho porto Paetanión. (24).

y que al hablar de los Saeves se situa el autor precisamente en la desembocadura del Tajo, parece más propio suponer que los *ardui colles* son las montañas de Galicia y el N. de Portugal (Minho) a las cuales por su carácter quebrado, parece adaptarse mejor el calificativo de *ardui* que no a las altas planicies de la Meseta. »(loc. cit.).

(22) PERNIX LIGUS DRAGANUMQUE PROLES.—Bosch Gimpera (ob. cit., paxs. 6 e 7) di qu'istes son os povos ligures do Norte da Península e costa occidental da Francia, arredor do Golfo de Gascuña e pon coma límite antr' iles e os Saeves, a serra do Rañadoiro, verdadeira fronteira natural entre Galiza e Asturias.

(23) INSULA PAETANIÓN.—Garcia de la Riega redúcea a illa d'Arousa, sendo o *Patulus portus* aquela ria. O P. Fita buscouna car'a Betanzos, que supuxo derivado do nome de *Pastanion*.

(24) PATULUS PORTUS.—Si Paetanión ten relacion con Betanzos, como supuxo o P. Fita, o *Patulus portus* poderia ser o que despóis se chamou *Portus Magnus Artabrorum*.

## AS PIRMEIRAS INFORMACIÓS DOS XEÓGRAFOS GREGOS

Démol-o pirmeiro lugar na pubricación d'estas fontes ó poema d'Avieno, *ORA MARITIMA*, pol-o seu especial caraute. Vimos n'il, baixo da forma literaria da decadenza latina, vellas noticias, que son as pirmeiras que se teñen do Océano europeu, e que sirven hoxe de base pr'aas mais novas teorías relativas á etnografía da nosa Terra. Pois ben, outra tal, non-a volveremos atopar hastra que non cheguemos ós escritores posteriores á invasión romana. A fonte vella d'Avieno fala, no século VI enantes de Cristo, das costas galegas, mentando cabos, illas, tribus, e ainda apunta, embora sexa d'un xeito impreciso, feitos hestóricos, com'a invasión dos Saezes e a espulsión dos Céstrimnos. Entroques, os autores qu'imos estudar agora, pertencentes ás centurias VI, V, IV e III, somentes dan noticias vagas, qu'as mais das veces refireñse d'un xeito xeneral ó litoral atlántico da Iberia e das Galias. Galiza, parte d'Ophiusa, terra dos Saezes na fonte d'Avieno, pérdeuse nos xeógrafos dos séculos seguintes, e non é mais qu'un anaco descoñecido das longas rexios céltigas do W. da Europa.

Tal recuada na coñecencia de Galiza pode s'esplicar somentes supondo a fonte d'Avieno unha orixe fenicia, xa que, de todolos pobos navegantes da Antiguedade, foi o pobo fenicio o único que tivo co-a nosa Terra un contacto mais ou menos longo e directo, contacto do que, si non apareceu ainda unha proba arqueolóxica crara e terminante, temos en troques datos d'abondo nos testos pra supol-o.

De Tarsisch, rica en metáis, saia, asegún Ezequiel (1) o estano, qu'era levado pra Tiro, e iste estano debía ser galego, posto qu'Avieno

(2) dinos qu'as ribeiras Céstrimnicas eran visitadas polos Tartesios, dato que logo ven confirmar Strabon ó asegurar qu'os pirmeiros que comerciaron co-as Cassiterides foron os Gaditanos, e ainda nos fala do viaxe de Himilcon por estas costas. Mais os Fenicios non eron intrés ningun en dar a coñecer os países onde comerciaban, senón más ben en escondelos á cobiza dos que podían ser seus competidores. Próba-o o episodio relatado pol-o xeógrafo d'Asia (3) da nau fenicia qu'indo perseguida por outra grega, prefirer encallar denantes d'amostral-o camiño das Casiterides.

Os Fenicios polos, visitaron e coñeceron Galiza dende tempo moi recuado. En troques, os Gregos non tiveron noticia d'ela hastr'os viaxes de Pytheas, nin tiveron c'ofecimento das suas particularidades hastra despois da expedición de Decimo Junio Bruto.

Na abondosa literatura hestórica e xeográfica d'istes séculos, chegada a nos moi fragmentariamente, Galiza e a costa Cantábrica son as rexios menos favorecidas do litoral da Península. O Mediterraneo era o centro da vida comercial e navegante, e fora d'il, a formación do Imperio d'Alexandre e a helenización do Oriente, dou unha grande recolleita de noticias tocantes ó Erythreo, o Iran e a India: en troques pr'a Iberia non temos mais que variaciós sobre os mitos d'Ercoles e de Xerion e derivaciós do ciclo xeográfico dos Argonautas: por exemplo o problema da situación das Columnas d'Ercoles, comparabre ó das fontes do Nilo ou do país dos Hiperboreos.

Non hai duda qu'esto ha parecer estrano a

(2) *Ora Maritima* v. 114 o 116.

(3) III-5.

# XASTRERÍA Freire Huici & C.<sup>a</sup>

(S. en C.)

R E A L, 7 E 9, 1.<sup>o</sup> A CRUÑA

## BANCO DE VIGO

FUNDADO EN 1900

CASA CENTRAL, VIGO.—Sucursais e axencias en Ourense, Pontevedra, Santiago, Vilagarcía, Monforte, Moya, Barco de Valdeorras, Carballeda, Celanova, Chantada, La Estrada, Marín, Ribadavia, Verín.

Tén Axentes e Corresponsnes no Reino yo Extranoiro, especialmente nas Amérecas.

Realiza toda cras d'operaciós de Banca e Bolsa en xeneral. Ademite contas correntes e depósitos polos que abona os intreses siguientes:

Contas correntes a vista.	2 %	Depósitos a 6 meses prazo . . . . .	3 1/2 %
Depósitos a 1 mes prazo. . . . .	2 1/2 %	a 12 " . . . . .	4 %
" a 3 " . . . . .	3 "	En caixa de aforros deica 10.000 pts.	3 1/2 %

## AGRICULTORES

ESTERCADE CON

# NITRATO DE CHILE

AXENCIA REXIONAL EN VIGO:

*Ernesto Cádiz Vargas*

Avenida Montero Ríos, 14

DELEGACIÓN EN MADRID:

*Juan Gavilán*

Almirante, 19

ARTURO NOGUEROL

ABOGADO

P. Feixón, 12

OURENSE

APARATOS Y DISCOS

« GRAMOPHONE »

RELOXERÍA

MIGUEL CALVIÑO

OURENSE

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE",  
OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM,  
OS MAIS ECONÓMICOS

### GUIA PROFESIONAL

Güell y C.<sup>a</sup> S. en C.

CASA FUNDADA EN 1865

PRIMEIRA FÁBRICA NA  
HESPAÑA DE

Panas, Rodas  
e Veludos

Medallas d'Ouro e Grandes

Prémios en todal-as Exposiciós.

Frábica da  
Colonia Güell

Santa Coloma de Cervelló

DESPACHO

Rua de Còdols, 16.—Barcelona

LUIS GALLEGOS

PROCURADOR

Luis Espada

Ourense

Ramón Varela

ABOGADO

Luis Espada

Ourense

Aurelio A. Belvís

MÉDECO

Progreso

Ourense

OSORIO

ABOGADO

Luis Espada

Ourense

ADOLFO ESPINO

ABOGADO

Vigo

José Sabucedo

ABOGADO

Progreso

Ourense

Francisco J. Rionegro

MÉDECO

Luis Espada

Ourense

AGUAS MINERO-MEDICINALES  
BICARBONATADO-SÓDICAS

# MONDARIZ



AIGO

Ussel Gombsans Filmadas

*1000.*

**F. ROMÁN E SACO**  
**DROGUERIA**  
**E FARMACIA**

PEREIRA, 19.

TELÉFONO, 28.

**OURENSE**

**Sobriños de José Pastor**

**BANQUEIROS**

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE

Realizan toda clás d'operaciós de Banca e Cámbio

**RIO MIÑO** **Rei dos Viños Galegos**

ESPORTACIONS A TODAS PARTES DO MUNDO

**Uzal, Compañía Limitada**

**VIGO**